Ninguén pon en dúbida que o estudo da táboa periódica supón unha grande ferramenta de aprendizaxe. Para facer máis ameno e divertido este estudo presentamos na aula os elementos explicando como se descubriron, quen o fixo, onde podemos atopalos. Cómpre falarlle ao alumnado sobre a marxinación das mulleres na investigación científica facendo fincapé en que a táboa, como a ciencia, non ten xénero -ou non debería telo- por iso debemos amosarlle aos nosos alumnos e, en especial ás nosas alumnas, aquelas científicas presentes na táboa dos elementos químicos e o papel que desempeñaron, animándoos e animándoas a coñecer máis sobre elas.

Bibliografía

ÁLVAREZ LIRES, María; SOLSONA i PAIRÓ, Núria; NUÑO ANGÓS, Teresa (2003). *Las científicas y su historia en el aula*. Ed. Síntesis, Madrid.

BERMEJO, Manuel. R.; GONZÁLEZ-NOYA, Ana M.; VÁZQUEZ, Miguel (2008). *El nombre y el símbolo de los elementos químicos*. Ed. Síntesis, Madrid.

GONZÁLEZ NOYA, Ana M.; BERMEJO, Manuel R. (2016, en prensa). "A Ciencia e o Xénero na didáctica da aula" en Rocío Chao-Fernández, Dorinda Mato-Vázquez: *Reflexións e Testemuñas. As mulleres nas artes e nas ciencias*. Vol.2: O xerme da liberdade, Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña.

MARTÍNEZ-CALVO, Miguel; BERMEJO, Manuel R.; GONZÁLEZ-NOYA, Ana M.; ROMERO, María J.; PEDRIDO, R. (2009). "O sistema periódico en cifras". *Boletín das Ciencias*, ISSN 0214-7807, Ano XXII, nº. 67, p. 99.

Ana M. González Noya, Manuel R. Bermejo Patiño, Rosa M. Pedrido Castiñeiras,
María J. Romero Castro, Xoana Pintos Barral, M. Inés García Seijo, M. Isabel Fernández García,
Esther Gómez Fórneas, Marcelino Maneiro Maneiro, Laura Rodríguez Silva

ROMERO, María J.; PEDRIDO, Rosa; GONZÁLEZ-NOYA, Ana M.; BERMEJO, Manuel R.;
ROMERO, Carmen; GONZÁLEZ-LOURO, Lucía; MARTÍNEZ, Miguel; GARCÍA-SEIJO, M.
Inés (2009). "Mendeleev e o xénero". *Boletín das Ciencias*, ISSN 0214-7807, Ano XXII,
nº. 67, p. 161.

RECOÑECIMIENTO: Esta iniciativa acadou o terceiro premio (modalidade de docencia) na VI Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC (2015).

Mulleres e ficción: metodoloxía e perspectiva de xénero na docencia da materia de Introducción á Literatura Inglesa

Estévez Saá, Margarita
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Universidade de Santiago de Compostela
Margarita.estevez.saa@usc.es

Barbeito Varela, José Manuel
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Universidade de Santiago de Compostela
jmanuel.barbeito@usc.es

Resumo

A presente comunicación expón o impacto que pode ter a aplicación da perspectiva de xénero na materia *Introdución á Literatura Inglesa*, que se imparte no primeiro curso da titulación en Lingua e Literatura Inglesas. O profesor e a profesora, que levan xa varios anos impartindo esta materia obrigatoria, tentan corrixir na súa docencia práctica na aula as carencias que se detectan aínda hoxe en día nalgunhas historias da literatura inglesa, publicadas polas editoriais máis representativas e influentes, que non fan xustiza á contribución da muller ás letras inglesas dende as súas orixes. Ademais, trátase de engadir a perspectiva de xénero na lectura, interpretación e debate dos contidos dos textos que, a modo de exemplos da produción literaria de cada período, se estudan en clase. Finalmente, na presente comunicación expoñemos cómo dende o principio das clases faise consciente ao estudiantado da incorporación da metodoloxía e perspectivas de xénero co fin de desenvolver o seu espírito crítico respecto da cuestión do xénero.

Palabras clave

Literatura inglesa, historias da literatura, escritoras, estudos de xénero

A materia *Introdución á literatura inglesa* impártese no primeiro curso da titulación de grao en Lingua e Literatura Inglesas da Facultade de Filoloxía da USC. Trátase dunha materia de carácter obrigatorio que ofrece unha panorámica da literatura escrita nas illas británicas, dende as súas primeiras manifestacións escritas na época anglosaxona ata a actualidade. O obxectivo é familiarizar ao alumnado co contexto histórico, político, social, e cultural no que ten lugar a produción literaria e explicar movementos, autores e obras especialmente representativas, de xeito que os e as estudantes poidan contar cun mapa da literatura inglesa que van percorrer en cursos posteriores do grao.

A materia divídese en nove períodos distribuídos en nove unidades. Todas as unidades do programa teñen un mesmo esquema expositivo: 1) contexto histórico cultural que repasa os grandes acontecementos, temas e preocupacións de cada período, 2) as condicións materiais da produción artística, 3) cuestións de poética, 4) movementos, autores e obras, 5) outras manifestacións artísticas.

O fio condutor que percorre as unidades é o tema da orde (cós mica, política, social, moral). Neste marco resulta imprescindible prestar atención a un elemento indispensable, e sen embargo tradicionalmente marxinado, para a reprodución da orde: a muller. Mais concretamente, hai que examinar a posición que ten ocupado a muller nesa orde e a súa contribución á reprodución ou transformación da mesma.

Dous criterios procedentes de distintas etapas da reivindicación feminista serven para seleccionar os aspectos a tratar en relación coas cuestións de xénero: 1) a reivindicación da igualdade require, por unha banda, a exposición e denuncia da exclusión que sufriron as mulleres tal e como esa exclusión aparece, e mesmo como se exerceu, na esfera literaria e, por outra, esixe o recoñecemento das progresivas conquistas desta loita: 2) O proxecto de empoderamento da muller, que por si mesmo se contrapón á representación patriarcal da suposta natureza inferior da muller, require rexistrar non só á toma de posicións antes vedadas ás mulleres senón tomar en consideración o desenvolvemento de novas potencialidades que poden non caber nas posibilidades que ofrecía a sociedade patriarcal.

Trátase, pois, dunha oportunidade única de facer conscientes aos e ás discentes da relevancia da variable de xénero para corrixir concepcións erróneas que aínda poden constatare na actualidade en relación coa contribución das mulleres ás letras.

Preguntábase a insigne escritora británica Virginia Woolf na súa influente obra *A Room of One's Own* (1929) ónde estaban as nosas nais, referíndose ás nais biolóxi-

cas pero tamén ás nais literarias. A autora ofrecía como resposta unha selección de autoras da literatura inglesa que a precederan no tempo e ás que lle facía cumprida homenaxe no seu ensaio. Nunha liña de pensamento semellante, a práctica docente da materia *Introdución á literatura inglesa* rescata a contribución da muller ás letras das Illas Británicas dende os seus comezos, e denuncia as ausencias inxustificables que aínda se detectan nos manuais de literatura inglesa máis utilizados, como é o caso, por poñer dous exemplos, de *The Routledge History of Literature in English* ou *The Short Oxford History of English Literature*. Trátase de dúas obras de referencia obrigada para estudantes da historia da literatura inglesa, recomendadas en numerosas materias de diferentes institucións académicas e publicadas por prestixiosas editoriais.

O profesorado sensibilizado coa cuestión de xénero debe alertar ao estudiantado da necesidade de tomar en consideración e facer xustiza á contribución das mulleres escritoras que, de forma inxustificada, aínda non están a ser tidas suficientemente en conta en moitos manuais, a pesares do indubidable valor do seu legado literario.

Empezamos propoñendo, a continuación, algúns exemplos dos elementos que unha perspectiva de xénero obriga a introducir nos contidos da materia. O primeiro tema da materia remóntase ao período anglosaxón e describe a progresiva aparición de manifestacións literarias en inglés antigo. A meirande parte das obras correspondentes a este período son anónimas e conserváronse mediante a súa transcripción en manuscritos feita por escribas que desenvolvían o seu labor en mosteiros e outros centros relixiosos tras o proceso de cristianización da illa. Neste contexto é difícil atopar referencias á influente posición dalgunhas mulleres nos centros culturais máis importantes da época, como é o caso de Hild, Hygeburg ou Aethelflaed. Por poñer un exemplo, destacamos a Hild, sobriñaneta de Edwin, o primeiro rei anglosaxón que se converteu ao cristianismo, á vez que ela mesma o fixo no ano 627. Hild foi abadesa do mosteiro de Whitby, que ela mesma fundou e que chegou a ser un influente centro relixioso e cultural no que desenvolveu a súa actividade, por exemplo, o poeta Caedmon, quen si adoita a figurar nas historias da literatura inglesa. Unha das empresas intelectuais máis importantes deste período foi a tradución de textos do latín á lingua vernácula, na que participaron mulleres, aínda que esta contribución tampouco adoita a ser recoñecida.

Igualmente, no período da Idade Media ao que está dedicado o segundo tema do programa, cómpre destacar a relevancia cultural das mulleres a diferentes niveis, en calidade tanto de mecenas como de creadoras. Deste xeito, é ben coñecida a importancia da figura de Eleanor of Aquitaine e da súa filla Marie, condesa de Cham-

pagne, que favoreceron o desenvolvemento da tradición do amor cortés. Casada co rei de Inglaterra, Eleanor chegou á invitar á corte británica a xogres e trobeiros europeos que importaron as convencións e a retórica da lírica cortés. Pero é preciso subliñar que a contribución da muller á literatura medieval en Inglaterra non se reduce á súa condición de mecenas, e destacar o labor creativo de autoras como Marie de France, que escribiu en Anglo-normando os seus *Lais*; ou as prosistas confesionais Margery Kempe e Julian of Norwich. Tamén é unha boa ocasión para mencionar o feito de que en 1478 se imprimiu en Inglaterra o primeiro libro escrito por unha muller, a francesa Christine de Pisan, baixo o título de *Moral Proverbs of Christine*, traducido ao inglés por Anthony Woodville, e que se trata da primeira ocasión en que o termo “autora” (“authoress”) apareceu en lingua inglesa.

Trátase, polo tanto, de facer xustiza en cada período á contribución feminina, que foi tradicional e inxustamente excluída e esquecida. O discorrer no tempo cronolóxico, e o avance nos distintos períodos da literatura inglesa non mellora de xeito significativo a marxinación á que se somete ás artistas. Boa proba é a sangrante discriminación das mulleres cando se está a falar das orixes da novela inglesa. Dende clásicos como o de Ian Watt, *The Rise of the Novel* (1957) ata os manuais anteriormente mencionados, adoitan a falar dos chamados “país da novela inglesa” e menciónanse de xeito recorrente as figuras de Daniel Defore, Samuel Richardson ou Henry Fielding, pero a miúdo non se fai cumprida referencia ás contribucións non só á novela senón á vida cultural de Aphra Behn, Delarivier Manley, que sucedeu a Swift como editora de *The Examiner*, ou Eliza Haywood, directora do *The Female Spectator*. Nós non dubidamos en denominalas ante os e as estudantes como as “nais da novela” inglesa, e damos cumprida conta da súa contribución ao xénero. No século XIX a novela converteuse nun xénero especialmente doado para á creatividade das mulleres. As obras de Jane Austen, Mary Shelley, das Brontë, ou de George Eliot cóntanse agora entre os grandes clásicos da literatura inglesa; aínda así, outras, como María Edgeworth, non atopan a miúdo o recoñecemento da súa maternidade da novela histórica.

Mesmo chegados ao século XX temos que seguir a sinalar ao noso estudantado a existencia de controversias que poñen de manifesto a necesidade de manterse alerta contra a discriminación das escritoras e reflexionar sobre estratexias de publicación.¹

1 A profesora Margarita Estévez Saá estudou o caso da escasa representatividade da autoría feminina nas coleccións de relato breve irlandés, que non fai xustiza á sobresaínte contribución das escritoras irlandesas ao xénero literario dende as súas orixes, no seu capítulo “‘The Searchai’: Short Fiction by Irish Women Writers from the Republic” (2007). Dado que a materia Introducción á literatura inglesa traballa con textos curtos que se discuten nos seminarios, acódesese con certa frecuencia a relatos breves. Isto da a oportunidade de facer ver aos discentes que as antoloxías máis populares de relatos en lingua inglesa amosan unha desigual consideración de textos escritos por mulleres, cando estas teñen sobresaído nas

Un caso paradigmático de obrigada referencia ten lugar con motivo da compilación da *Field Day Anthology of Irish Writing* (1991), que pretendeu ser un compendio dos autores máis representativos da literatura irlandesa en lingua inglesa. O prestixioso editor dos tres primeiros volumes, Seamus Deane, non tivo suficientemente en consideración a contribución feminina e, grazas ás máis que xustificadas protestas de diversos colectivos, publicáronse en 2002 os volumes 4 e 5 que deron cumprida constancia da contribución das escritoras irlandesas. Esta saída ao problema, sen embargo, non contentou a todo o mundo dado que, entre outras cuestións, as producións literarias quedaron clasificadas segundo o criterio de estar escritas por homes e por mulleres.

A necesaria revisión e actualización do tradicionalmente chamado canon literario de autores e obras da literatura en lingua inglesa, corre parella á aplicación da perspectiva de xénero ao estudo da representación da figura feminina na literatura. Xa dicía Virginia Woolf, no mencionado *A Room of One's Own*, que a cuestión da muller e a ficción inclúe non só as mulleres e o que elas escriben, senón tamén as mulleres e o que se escribe sobre elas (1). É imprescindible facer consciente ao alumnado das connotacións da representación da figura da muller así como a evolución das características que escritores e escritoras asociaron á condición feminina a través das súas personaxes. Neste senso a materia ofrécenos a oportunidade de dar conta do sexismo que pode detectarse tanto na linguaxe empregada para referirse ás mulleres como no tratamento da figura feminina en obras que reproducen a orde patriarcal. En relación con isto hai que chamar a atención sobre os efectos que tivo sobre a representación da muller na ficción a loita pola conquista do espazo público de mulleres inaugurada por Mary Wollstonecraft na segunda metade do século XVIII.

É pertinente aclarar que os diferentes períodos da literatura inglesa en que se divide a materia inclúen o comentario de poemas, fragmentos de obras ou relatos representativos da produción literaria do momento histórico que se está a estudar, e que o profesor e profesora adoitan comentar nas sesións de seminarios a evolución da representación das mulleres ao longo da historia da literatura inglesa.

Así, por exemplo, no tema dedicado á literatura da Idade Media coméntanse a figura feminina en poemas como "In Praise of Women," "Regina Celi, letare," e a repre-

.....
diferentes estéticas e tradicións do relato curto habendo excelsas figuras na composición de relatos de corte tradicional, gótico, realista, modernista, posmodernista, poscolonial, etc. Neste senso, explicase a existencia dende os anos 90 de coleccións de relatos en lingua inglesa de autoría exclusivamente feminina, que supoñen o recoñecemento e a inclusión de moitas figuras esquecidas en antoloxías clásicas. Ao facer isto hai que tamén chamar a atención sobre os problemas que presenta esta estratexia: impide ver a contribución das mulleres en paralelo á dos homes e amosar así de xeito inmediato cómo, tanto a nivel temático como formal, creadores e creadoras presentan idéntico interese.

sentación da muller no amor cortés. Tamén se comentan nos seminarios fragmentos do prólogo aos *Contos de Canterbury*, de Geoffrey Chaucer, onde se presentan os peregrinos e peregrinas que despois van contar os relatos. Comparamos a descrición de homes e mulleres e comentamos a actitude do narrador con respecto á caracterización de personaxes coma a viúva de Bath ou a prioresa Madame Eglantine, amosando a acritude que se detecta no tratamento destas mulleres en comparación coa benevolencia coa que se trata a algúns personaxes masculinos.

Fronte á idealización da muller na lírica do amor cortés, antóllase especialmente liberadora a proposta do xenio de Shakespeare quen no seu famosísimo soneto 130 defende o seu amor por unha muller que non cumpre con ningún dos criterios que a retórica cortés lle atribuíra ao ideal de beleza feminina (e isto a pesares de que os sonetos shakespearianos tamén se teñen lido en clave misóxina). Asemade, en contraste coa tradicional asociación da muller coa preocupación pola beleza, o falante dos sonetos diríxese a un home mais absorto na súa propia beleza que calquera muller e, en contraste coa preocupación feminina pola desaparición da beleza co paso do tempo, nos primeiros sonetos é o falante quen se preocupa pola destrución polo tempo da beleza do mozo ao que se dirixe. A isto engádese o amplo abano de figuras femininas no teatro de Shakespeare, dende as bruxas de *Macbeth* a Julieta. Algunhas adquiren un carácter netamente negativo cando desempeñan un rol activo, como Lady Macbeth, pero outras, como Portia no *Mercader de Venecia* teñen un rol activo destacado e positivo. Outra sobresaínte oportunidade de comentar a representación da muller nunha sociedade patriarcal é a que nos ofrece o retrato que John Milton fai da figura de Eva no seu *Paraíso Perdido*.²

Outro exemplo da reflexión en torno á cuestión de xénero e á toma en consideración dos roles femininos é proporcionado por Moll Flanders, protagonista da homónima novela de Daniel Defoe, un destacadísimo caso dunha muller activa, con capacidade de valerse por si mesma nun mundo adverso, e que só atende á moral convencional cando está economicamente ben situada.³

Chamamos a atención do alumnado sobre o contraste entre o predominio das heroínas novas e fermosas no século XIX co espectro máis amplo de figuras da muller que, afortunadamente, se proporciona a lectores e lectoras a partir do século XX. Se

2 Véxase *Paradise Lost: The Word, the world, the words*, editado polo profesor J. Manuel Barbeito Varela (1991).

3 O caso de Moll Flanders serve para inaugurar a reflexión sobre o tema da muller e o eido laboral que se trata con máis detalle no caso das irmás Brontë que representaron figuras femininas pioneiras do traballo fora do fogar coas súas ben coñecidas institutrices. Ver J. Manuel Barbeito Varla, *Las Brontë y su mundo* (2006).

nos centramos nas figuras das nais, non é difícil amosar que a sociedade vitoriana empregaba a figura do “anxo do fogar” ao servizo dunha ideoloxía que limitaba as posibilidades de realización da muller; neste contexto faise evidente a ameaza que a nova muller representaba para esta ideoloxía e enténdense as actitudes adversas cara ela. Moitas mulleres escritoras, cando querían tratar temas delicados que atinxían á condición reprimida, acudiron á estética gótica para disimular a crítica social e tratar temas coma a violencia de xénero, a falta de recursos, a sexualidade, ou a maternidade.⁴

Xa dende comezos do século XX, mulleres e homes interéñanse por incluír a representación de figuras tradicionalmente esquecidas. Así, a figura da nai sobresa nas obras de Virginia Woolf, Doris Lessing, pero tamén en James Joyce e D. H. Lawrence, que a tratan en toda a súa complexidade, prescindido da idealización vitoriana. Adoítamos estudar a representación das figuras maternas á luz do contraste entre perspectivas feministas coma a que representa Simone de Beauvoir, quen no seu *Segundo Sexo* (1949) reflexionou con acritude sobre as implicacións da maternidade, e a que representa Hélène Cixous quen no seu influente ensaio “A risa da medusa” (1976) defendeu a idea da “xenerosidade materna”.

As últimas aproximacións críticas dos estudos de xénero influenciadas pola desconstrución son especialmente útiles para explicar os textos que rompen coas categorizacións tradicionais. Un fragmento breve do capítulo XV, “Circe”, define a Leopold Bloom, a personaxe central do *Ulise* (1922) de James Joyce, como “womanly man” para exemplificar cómo o escritor irlandés desmontou as construcións sociais de xénero. Precisamente Joyce ofrece aos docentes de literatura inglesa múltiples posibilidades de análise dende a perspectiva de xénero, dado que o autor non só se ocupou de rescatar a importancia da figura materna e reflectila en moitos dos seus textos e de desconstruír as diferenzas de xénero, senón que tamén se preocupou de enunciarse as limitacións que a sociedade e a cultura do seu tempo impoñían á condición feminina. A pesar da dificultade dun texto como o *Ulise*, ben se poden escoller capítulos coma o XIII ou XVIII, que teñen unha linguaxe e un estilo máis sinxelo para, ademais de introducir ao alumnado na lectura da novela máis influente do século XX, amosar a Gerty MacDowell como vítima dos convencionalismos sociais da época, dos ditames da beleza e da publicidade e escoitar a crítica que Molly Bloom fai con absoluta transparencia das limitacións ás

4 O profesor José Manuel Barbeito Varela e Margarita Estévez Saá traballaron nun proxecto de investigación que investigaba un relevante tropo da literatura gótica, aínda que non se limitaba a ela. O proxecto levaba por título “Pantasma, subxectividade e xénero” (PGIDIT03PXIB20201PR) Adoítamos a resumir as conclusións máis importantes ás que chegaron os membros da equipa investigadora. Trátase, por tanto, de establecer pontes entre a nosa investigación en torno a cuestión do xénero e a aplicación práctica da mesma na aula.

que se vían sometidas ás mulleres na Europa de principios de século. Deste xeito, Joyce ofrécenos a oportunidade de referirnos a cómo tamén os homes, aínda que lamentablemente en minoría, se involucraron nas reivindicacións de xénero.

Dentro das limitación de tempo que impón a materia, facemos referencia a momentos do século XX ineludibles cando se trata a perspectiva do xénero. A suposta particular inclinación das mulleres polo tratamento de temas de corte doméstico e confesional en narracións maioritariamente realistas queda desmontada polo *O Caderno Dourado* (1962), de Doris Lessing, considerada a biblia do feminismo. Lessing danos, ademais, a oportunidade de referirnos a unha figura cada vez máis frecuente na literatura inglesa a partir dos anos 70 do século XX e que recentes estudos críticos tratan combinando aproximacións sociolóxicas, médicas e culturais: nos *Diarios de Jane Sommers* (1984), Lessing introduce o retrato físico e psicolóxico da muller anciá, unha figura reducida na literatura tradicional ao estereotipo de bruxa, alcaiota, ou fada madriña.

Outra perspectiva crítica recente á que nos referimos é o ecofeminismo interesado na representación do par natureza-muller. O obxectivo desta corrente crítica é desvelar o sometemento parello do ecosistema e das mulleres na explotación patriarcal. Esta reflexión faise particularmente relevante tanto ao estudar a importancia e o concepto de natureza romántica como a produción literaria de autores poscoloniais na que o espazo natural cobra un renovado protagonismo.⁵ É precisamente en exemplos da literatura inglesa máis recente, nos que se visualiza de xeito patente a necesidade que sentiron escritores e escritoras de dar voz ao 'outro' e 'ás outras', tradicionalmente silenciadas polas narrativas hexemónicas patriarcais; fragmentos de obras tan populares como *Brick Lane* (2003) da autora Monica Ali, británica nada en Bangladesh, permítenos amosar a condición dobremente subalterna da mulleres que proceden das antigas colonias empregando o concepto acuñado por Guayatri Spivak en "Can the Subaltern Speak?" (1988).

O profesor e a profesora da materia *Introdución á literatura inglesa* tentamos, por tanto, cumprir coas directrices derivadas da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que, entre outras, indicaba a obrigatoriedade de incorporar de xeito transversal a formación en perspectiva de xénero nos novos graos universitarios.

Unha materia como a que nós impartimos, que ofrece unha panorámica da historia da literatura inglesa, debe esforzarse en impedir tanto a marxinação da contribu-

⁵ Novamente semella oportuno explicar na aula a recente concesión dun proxecto de investigación que leva por título "Eco-ficcións: Discursos emerxentes sobre muller e natureza en Galicia e Irlanda" (FEM2015-66937-P), dirixido pola profesora Manuela Palacios González, no que ademais da profesora Estévez Saá participan investigadoras das tres Universidades galegas.

ción das escritoras ao desenvolvemento dunha das literaturas máis potentes a nivel mundial, como a reprodución de lecturas sexistas ou ben que ignoran o sexismo. Este esforzo realizase nun dobre plano: por unha banda, a recuperación, visibilización e xusta valoración das obras literarias escritas por mulleres, e, por outra, a interpretación e lectura de textos literarios, tanto escritos por homes como por mulleres, dende as perspectivas e metodoloxías de xénero máis actuais (narrativas matrilineais, estudos da vellez, ecofeminismo, entre outras).

Ao incorporar a perspectiva de xénero no primeiro curso da titulación esperamos crear nos e nas discentes consciencia de xénero, que poderán desenvolver nos seus futuros estudos, así como nas súa experiencia cotiá. Trátase, en resumidas contas, de espertar o espírito crítico, de xeito que o noso alumnado sexa quen de valorar, cuestionar e analizar os discursos herdados e tomar distancia con respecto aos mesmos ao escoitar voces tradicionalmente silenciadas, como ten sido o caso das mulleres.

Bibliografía

Barbeito Varela, J. Manuel (2001): *Feminism, Aesthetics and Subjectivity. Women and Culture in Early Twentieth Century British Literature*. Santiago de Compostela, Servizo Publicacións USC.

Barbeito Varela, J. Manuel (2006): *Las Brontë y su mundo*. Madrid, Síntesis.

Beauvoir, Simone de (2009 [1949]): *The Second Sex*, Borde, Constance e Malovany-Chevallier, trad, London, Random House, Alfred A. Knopf.

Bourke, Angela, et als., ed (2002): *The Field Day Anthology of Irish Writing Volumes IV and V: Women's Writing and Traditions*, Cork, Cork University Press.

Carter, Ronald, e John McRae (2001): *The Routledge History of Literature in English: Britain and Ireland*, London, Routledge.

Cixous, Hélène (1976): "The Laugh of the Medusa", *Signs* 1.4 (875-893).

Deane, Seamus, ed. (1991): *The Field Day Anthology of Irish Writing, Volumes I, II, III*, London, Faber.

Estévez Saá, Margarita (2007): "'The Seanchai': Short Fiction by Irish Women Writers from the Republic", en Morales Ladrón, Marisol, ed: *Postcolonial and Gender Perspectives in Irish Studies*, A Coruña, Netbiblo, 139-154.

Sanders, Andrew (2004): *The Short Oxford History of English Literature*, Oxford, Oxford University Press.

Spivak, Gayatri (1988): "Can the Subaltern Speak?", en Nelson, Cary e Grossberg, Lawrence, eds: *Marxism and the Interpretation of Culture*, Indiana, University of Illinois Press, 271-314.

Woolf, Virginia (1929): *A Room of One's Own*, London, Penguin Books.

Una transgresión docente: integración de la perspectiva de género en la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de la UDC

Carreiro Otero, María
Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo
Universidade da Coruña
maria.carreiro@udc.es

López González, Cándido
Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo
Universidade da Coruña
candido.lopez@udc.es

Resumen

Entre las estrategias formuladas para alcanzar la quiebra de los estereotipos y los roles de género se halla la inclusión de los estudios de género en la docencia universitaria, al amparo de la normativa estatal, autonómica y universitaria sobre igualdad. En este marco, la modalidad más plausible para incidir en el campo de la ingeniería y la arquitectura parece ser la incorporación transversal de la perspectiva de género en las materias de las correspondientes titulaciones. En el caso de la Escuela de Arquitectura de A Coruña, buscando una estrategia metodológica conducente a superar las rutinas androcéntricas de la enseñanza proyectual, se ha iniciado la inclusión de la perspectiva de género en dos materias del primer curso. Se explica el desarrollo de este proceso que, condicionado por el perfil del profesorado y los prejuicios del alumnado, afecta al contenido y desarrollo de la materia e incide en los enunciados de los ejercicios, en las referencias establecidas, y en el lenguaje utilizado. Un proceso conducente a establecer cinco líneas de trabajo extensivas al conjunto de materias de la titulación.

Palabras clave

Género, arquitectura, docencia

... cuando una explicación sobre la conducta humana suena muy convincente, hay que sospechar de ella, pues lo verosímil a menudo no es más que una forma elegante de exponer los prejuicios.

(*La España vacía*, Sergio del Molino (2016): Madrid, Turner, 93).

La situación de asimetría en la dicotomía femenino-masculina ha propiciado el desarrollo de los estudios de género para profundizar en las causas que la generan y, a partir de ellas, definir estrategias para la quiebra de los estereotipos y los roles de género. Quebrar, romper, forzar venciendo una dificultad, en definitiva llevar a cabo una transgresión. La Universidad como institución asume los postulados de dichos estudios de género; sin embargo, en la acción diaria el estamento docente se muestra, en su mayor parte, impermeable frente a los mismos, según muestran las investigaciones acometidas en los últimos años sobre el tema.

El texto pretende aproximarse a una estrategia metodológica que supere la enseñanza de la práctica arquitectónica proyectual desarrollada en las escuelas de arquitectura, llena de rutinas androcéntricas (Menéndez Menéndez, 2013). Estas han acostumbrado al alumnado, a los docentes y, en definitiva, a la profesión a invisibilizar a las mujeres (Díez Jorge, 2013) sin despertar reticencias.

Para ello, se enmarca la perspectiva de género en la docencia universitaria mediante un breve apunte legislativo y se hacen presentes los principios esenciales de la misma. A continuación, se desvela la aplicación de la perspectiva de género en la Escuela de Arquitectura de la Universidade de A Coruña -ETSAC- a través de dos materias del ámbito proyectual impartidas en el primer año de los estudios de arquitectura. Al objeto de contextualizar este caso de estudio, se señalan los antecedentes y se describen los recursos humanos del centro. Como método analítico se aplica la subdivisión en los diferentes elementos que componen las asignaturas (Tomás et al., 2012). Este acercamiento permite establecer una diagnosis y sugerir una serie de actuaciones encaminadas a incorporar una “nueva” mirada que fomente la igualdad de oportunidades.

Un apunte normativo

... quieren que en ellas mismas [las mujeres], como en el conjunto de la humanidad, la trascendencia triunfe sobre la inmanencia; quieren que por fin se les concedan los derechos abstractos y las posibilidades concretas sin cuya combinación la libertad no pasa de ser una farsa. (El segundo sexo, Simone de Beauvoir (1999): Madrid, Cátedra, 216).

El profundo análisis de la construcción del rol y la figura de la mujer en la sociedad que Simone de Beauvoir realiza en el libro *El segundo sexo* es una referencia inexcusable para el corpus teórico feminista que se va acumulando desde finales de los sesenta del siglo XX (Donoso Vázquez y Velasco Martínez, 2013).

La ingente producción documental elaborada durante la segunda mitad del siglo XX incide en el desarrollo de un marco legislativo, materializado en España a partir de 2004, para introducir la equidad y la no discriminación por razón de género en el ámbito de la Universidad. En el rango estatal, con dos leyes orgánicas¹, la de diciembre de 2004 de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y la de marzo de 2007 para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. Así mismo, en el contexto de la Comunidad Autónoma de Galicia² se publica en julio de 2004 una ley para la igualdad de hombres y mujeres y, en marzo de 2007, se edita la ley del trabajo en igualdad. Estas determinaciones legislativas de orden general, tanto estatal como autonómico, se incorporan en la Universidad a través de la Ley Orgánica de abril de 2007, que modifica a la de diciembre de 2001, y de la Ley de junio de 2011 de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación³. Ambas leyes, y de manera textual la última, establecen entre sus objetivos generales promover la inclusión de la perspectiva de género con carácter transversal.

Este marco legislativo toma cuerpo en la Universidade da Coruña -UDC- en el *Documento sobre la misión, visión y valores de la UDC*, aprobado en 2005. La creación

1 Legislación estatal, ordenada cronológicamente: Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género en BOE, número 313 de 29/12/2004 y Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres en BOE, número 71 de 23/03/2007.

2 Legislación autonómica citada, ordenada cronológicamente: Ley 7/2004 de 16 de julio, gallega para la igualdad de hombres y mujeres en DOGA, número 149 de 03/08/2004 y Ley 2/2007 de 28 de marzo, del trabajo en igualdad de las mujeres de Galicia en DOGA, número 72 de 13/04/2007.

3 Legislación universitaria, ordenada cronológicamente: Ley Orgánica 6/2001 de 21 de diciembre de Universidades en BOE, número 307 de 24/12/2001; Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, de Universidades en BOE, número 89 de 13/04/2007 y Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación en BOE, número 131 de 02/06/2011.

de la *Oficina para a Igualdade de Xénero* en 2006, y la reforma realizada en 2007 de los Estatutos aprobados en 2004 refuerzan el impulso institucional a la política de igualdad. En esta línea se establecen dos herramientas: el *Informe sobre o diagnóstico de igualdade 2012*, que se presenta en febrero de 2013, y el *I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade da Coruña*, que se aprueba en noviembre del mismo año. Un Plan con 47 medidas articuladas en torno a cinco ejes. El segundo de estos presenta tres objetivos operativos, con un total de 14 medidas concretas que pretenden promover la integración de la perspectiva de género en los planes de estudio de la Universidad, tanto en el nivel de grado como en el posgrado.

Sin embargo, este marco normativo no implica que el profesorado esté formado en competencias de género, y mucho menos que el alumnado trabaje de forma concreta y/o transversal sobre ellas. No cabe duda que la aplicación de la perspectiva de género y la difusión de dichos estudios en el entorno universitario, más allá de acciones individuales y aisladas, requiere de dos estímulos correlativos: la incidencia política y la presión colectiva (Montané López, 2006), bien por la suma de individualidades, bien por la consolidación de grupos con un fin común.

La incorporación transversal del género

Se entiende, por tanto, que las escuelas de arquitectura son el primer espacio de actuación para la consecución de la igualdad entre arquitectas y arquitectos, ya que es no solo imprescindible, sino también urgente incidir allí donde la discriminación se ve y donde no se ve, pero existe.

(“Docencia y género: primeros pasos de la Universidad de Alicante (España) en la carrera de Arquitectura”, Gutiérrez Mozo y Pérez del Hoyo, *Arquitectura y Urbanismo*, Vol. XXIII nº 3, 2012, 54)

El género es una forma de ordenación social que atribuye a hombres y mujeres roles, papeles y comportamientos diferenciados. No obstante, aplicar una perspectiva de género significa adoptar una lectura crítica y una posición activa que permita redefinir principios, reglas y normas validadas por la sociedad, pero que se han revelado como discursos excluyentes (Ion et al., 2013).

Stimpson (1998) define tres modelos para incorporar la perspectiva de género en el marco de la docencia universitaria. El primero, mediante programas de estudios interdisciplinarios de género o de mujeres que conducen a títulos específicos. El se-

gundo, desarrollando materias sobre género dentro de cada disciplina o de cada grado o posgrado concreto. Y el tercer modelo con el *mainstreaming*, o incorporación de la perspectiva de género en el conjunto de las disciplinas que se estudian en todos los niveles de los planes docentes.

Parece existir un consenso sobre las posibilidades que los estudios sociales ofrecen para desarrollar tanto programas de estudios específicos como de materias sobre género, es decir, para incorporar los dos primeros modelos citados sin suscitar disfunciones. Esta cuestión no es viable en las áreas técnicas por sus propios contenidos y, sobre todo, por la resistencia de los claustros a incorporar materias o contenidos relacionados directamente con la presencia de las mujeres en la disciplina. Sin embargo, sí es posible integrar el tercer modelo, incorporando la perspectiva de género en determinadas materias, como aquellas que afectan a sujetos o a colectivos. Del mismo modo que también es factible dar visibilidad a las aportaciones de las mujeres a la ciencia, a la investigación, a la innovación, o al ámbito profesional, a través de ejemplos y casos de estudio (López González et al. 2014).

Ha de considerarse que, mayoritariamente, en la docencia se mantienen los supuestos metodológicos y teóricos tradicionales, de modo que se refuerza la idea de universalidad androcéntrica, se naturalizan las diferencias de género al no considerarlas motivo de reflexión y explicación, y no se transmite el reconocimiento de la construcción social y científica de las desigualdades. Como consecuencia, el alumnado percibe la ausencia de racionalidad científica sobre cuestiones relevantes, ve la desigualdad como algo lejano en el tiempo y el espacio, tiende a equiparar machismo/feminismo, vislumbra una concepción peyorativa y estereotipada del feminismo, muestra la falta de conciencia de la existencia de explicaciones racionales sobre la desigualdad construida, y emplea la diferencia y la naturaleza como argumento (Ballarín, 2009).

La perspectiva de género en la ETSAC: proyectos arquitectónicos 1 y 2

Los antecedentes: una feminista

Una de las arquitectas pioneras de Galicia, primera catedrática de Proyectos Arquitectónicos (1995) de la Universidad española, Pascuala Campos de Michelena, ejerce su actividad docente en la ETSAC desde 1982 hasta su jubilación en 2008. Profesora comprometida con el movimiento feminista, desarrolló una actividad singular dentro de su materia, dando voz a representantes del movimiento okupa o de

las asociaciones de amas de casa. Sin embargo, su estancia en el centro no generó “escuela” más allá de su influencia en alguna profesora próxima a ella. Como huella de su paso permanecen como fuentes bibliográficas algunos textos de filósofas, sociólogas o arquitectas en el programa de las actuales materias de Proyectos 7 y 8. Sin embargo, estas fuentes, que no abordan la cuestión arquitectónica explícitamente, son habitualmente relegadas por el alumnado.

El hito: grupo de investigación MAGA⁴

Un grupo de docentes concurre en 2011 a una convocatoria del Instituto de la Mujer con el proyecto de investigación “Las mujeres arquitectas de Galicia. Su papel en la profesión y en la enseñanza de la profesión (el ejercicio de la arquitectura en Galicia desde una perspectiva de género)”. El proyecto, iniciado en 2012, supuso un punto de inflexión en la ETSAC, al plantear un estudio de género, de forma colectiva y abierta. La visibilidad dada al propio tema a través de las actividades y las publicaciones realizadas no han provocado una transformación en el centro, sin embargo sí ha representado un hito, al originar una reflexión en el propio personal implicado en la investigación. El personal docente e investigador del grupo MAGA imparte materias del bloque proyectual y propedéutico, con un fuerte componente gráfico, creativo y humanista: dibujo, proyectos arquitectónicos y urbanismo. Y es en estas materias en la que se propone integrar la perspectiva de género a través, fundamentalmente, de la difusión de las obras de arquitectura proyectadas por mujeres, visibilizando su presencia en el ámbito profesional y docente.

Los recursos humanos

La incorporación de la perspectiva de género en una titulación, e incluso en una materia, se halla condicionada por el colectivo humano implicado, que incluye tanto profesorado como alumnado. Es importante por ello conocer la composición de los recursos humanos de la ETSAC a partir de los datos de ambos sectores, y su evolución desde que el centro inicia su actividad en 1975.

_El alumnado. Desde el curso 1994/95 se equilibra la matrícula de acceso a los estudios de arquitectura entre hombres y mujeres, tendencia que se mantiene hasta la actualidad. A partir del curso académico 2006/07 se alcanza la paridad de sexo en el alumnado que desenvuelve sus estudios en este centro docente, si bien desde el 2000/01 el número de tituladas supera al de titulados.

4 MAGA es el acrónimo del grupo de investigación Mujeres Arquitectas de Galicia. www.udc.gal/gaus-maga

_El profesorado. Desde el curso 1999/2000, período a partir del que se disponen de datos de POD, la proporción de profesoras se ha incrementado ligeramente desde el 14,4%, hasta el actual 19,3%. A pesar de ello, se mantiene un importante desequilibrio. Existe, además, una segregación vertical en la distribución por categorías y sexos, con una escasa representación en los puestos más altos de la carrera universitaria, sin que ninguna pertenezca al cuerpo de Catedráticos de Universidad. Así mismo su presencia en la dirección de tesis doctorales y en los cargos de gestión es testimonial.

Estos datos muestran un centro masculinizado, con un importante desequilibrio en el sector docente, proclive, por tanto, a prolongar la transmisión de conocimientos desde los valores androcéntricos tradicionales del ámbito arquitectónico.

Por otro lado, la mayoría de docentes no percibe la desigualdad, ni la necesidad de incidir en una integración de los estudios de género, de incluir la perspectiva de género, o de conocer los logros de las mujeres, porque considera que la situación actual es una situación de equidad, de "clima de normalidad igualitaria".

Y en consonancia con lo que sucede en otros campos científicos, tampoco se considera necesario aplicar medidas incentivadoras de la igualdad: prevalecen unos valores de supuesta excelencia, calidad y mérito, y se mantiene un concepto neutral e impersonal de la ciencia, de la técnica y del arte, independientes del sexo, la raza, la procedencia social... Se percibe que las medidas sólo revierten en las mujeres, cuando la igualdad debe aplicarse en ambos sentidos mujeres/hombres–hombres/mujeres.

Un caso de innovación y praxis: Proyectos Arquitectónicos 1 y 2

En este marco docente, surgen varias preguntas: ¿Cómo incidir en ese entorno calificado como impermeable?, ¿es posible incitar a la reflexión y provocar el necesario debate?, ¿qué significa revisar los contenidos desde una perspectiva de género?, ¿es factible materializarlos mediante acciones concretas?

La elección de dos materias del primer curso del Grado de Arquitectura como un caso de estudio permite explorar una senda de aproximación a los interrogantes suscitados. El análisis de las mismas se realiza a través de los siguientes componentes: el perfil del profesorado, los prejuicios del alumnado, el contenido y desarrollo de la materia, los enunciados de los ejercicios, las referencias establecidas y el lenguaje utilizado, estableciendo como marco temporal el curso académico 2014-2015.

_El perfil del profesorado. En el primer curso de la carrera 40 enseñantes imparten diez materias repartidas en dos cuatrimestres. De ellos, 9 son mujeres, un 22,5% del

total. Las asignaturas con profesorado exclusivamente masculino son cuatro. Dos en el primer cuatrimestre y dos en el segundo. Una pertenece al bloque propedéutico, otra al bloque proyectual y dos al técnico.

La materia de Proyectos Arquitectónicos 1 es impartida por 8 docentes, de los cuales 4, el 50%, son profesoras. En Proyectos Arquitectónicos 2, participan 10. También 4 son mujeres, un 40%. En ambos casos coordina una profesora. La mayor parte de los docentes implicados en estas materias no dispone de los instrumentos necesarios para incorporar el género de forma transversal, básicamente porque carece de formación específica. En todo caso, conviene mencionar que al hacer explícita la intención de elegir una obra proyectada por una mujer para su análisis y estudio, se generan reticencias. Inmediatamente se alude a los criterios de excelencia y mérito, de "calidad arquitectónica", como verdades absolutas e incuestionables.

Los prejuicios del alumnado. El alumnado que se incorpora a la titulación procede principalmente de la enseñanza secundaria. Estos chicos y chicas no perciben la desigualdad, principalmente porque en el sistema docente la evaluación es similar para unos y otras. En su esfera social, tampoco parece existir la discriminación. O al menos, no lo manifiestan. En el primer curso son receptivos a la información, y parecen carecer de prejuicios científicos, aunque su sistema de valores se fundamenta en los criterios de excelencia y mérito infundidos en la educación general. La actitud del profesorado será fundamental para consolidar o romper esos prejuicios.

En este punto, conviene introducir una digresión, trasladando el foco a quienes cursan el último año de la carrera. A lo largo de los últimos cuatro años se observa una evolución en su actitud frente al discurso de género en la ETSAC. Si en el curso 2012-2013 mostraban gestos de desconcierto y perplejidad frente a este tema, en el curso presente predomina la curiosidad. Y aunque persistan los mencionados prejuicios, no se percibe un rechazo frontal.

El contenido y desarrollo de la materia. Ambas disciplinas proyectuales encierran un notable componente gráfico. Inicialmente, se parte de supuestos abstractos simples, de composiciones volumétricas ubicadas en un entorno ideal, el claro en el bosque, que van incrementando su complejidad para integrar aspectos funcionales y contextuales (relación objeto-contexto). Estos ejercicios se completan con otro centrado en el dibujo y análisis de una obra de arquitectura, habitualmente una vivienda. A la vez, se ofrece un apoyo teórico en el que se aportan referencias que orientan el desarrollo de los trabajos. En principio, todo ello muy equilibrado.

_Los enunciados de los ejercicios. Estos se formulan como problemas planteados en la vida cotidiana, o como exploraciones metodológicas asociadas al proceso creativo. Al examinar la evolución temporal de los supuestos formulados se distinguen dos tipos de enunciados: *el enunciado neutro*, carente de una mención expresa a los protagonistas o al comitente de la propuesta, y *el enunciado con protagonista sexuado*, hombre o mujer. Durante varios años, las referencias personales han sido masculinas: alcalde, ciclista, jugador de balonmano, paseante, superviviente... En los últimos cursos académicos se han introducido mujeres: arquitectas, escritoras, deportistas... Revisados un total de 68 enunciados, 45 pueden ser considerados neutros y 23 con referencias sexuadas, de las cuales 9 están protagonizadas por mujeres o por equipos mixtos. Seis de estos nueve se han formulado en los dos últimos cursos académicos.

_Las referencias establecidas. La arquitecta en la Historia de la Arquitectura es un personaje sin presencia. Al igual que en otros campos, las mujeres no han sido objeto de atención en el ámbito arquitectural. Esta situación en los últimos treinta años tiende a soslayarse, sobre todo por incremento paulatino y constante del número de arquitectas y por la propia evolución de la sociedad. Sin embargo, al seleccionar ejemplos y casos de estudio, han de realizarse esfuerzos titánicos para visibilizar la producción arquitectónica de las arquitectas, significativamente reducida, con menor impacto y difusión. En las referencias introducidas en el curso 2014/15, se ha logrado un cierto equilibrio, al aportar obras de cinco arquitectas frente a la de siete arquitectos. Igualmente, por primera vez se ha seleccionado un proyecto de una arquitecta para ser estudiado.

_El lenguaje utilizado. Dentro de los hábitos asumidos se hallan aquellas referidas al lenguaje. Los enunciados, textos, esquemas y guías reproducen rutinas y estereotipos. En las asignaturas proyectuales ha de romperse la rutina y aplicar expresiones inclusivas y universales recogidas en los manuales de lenguaje inclusivo. Se trata de deconstruir la expresión lingüística, fundamentalmente escrita, para reconstruir un contexto teórico en armonía con el contexto humano.

Promover o uso de manuais escritos por mulleres, que nos últimos anos teñen un peso crecente nesta disciplina e que figuran como bibliografía básica.

Suxírense traballos realizados por mulleres para comentar nas clases interactivas ou como lecturas complementarias recomendadas. Como exemplos, destacan Carlota Pérez no eido do cambio estrutural e da innovación; Naomi Klein, Susan George ou Bibiana Medialdea nos temas relacionados coa crise; Gro Harlem Brundtland como impulsora do concepto de desenvolvemento sostible; Yayo Herrero no eido do ecofeminismo; Cristina Carrasco, especializada na análise do traballo doméstico e traballo feminino; ou Cecilia Castaño, que estuda a conciliación ou a relación entre TIC, sociedade da información e mulleres. Na temática ambiental utilízanse documentais de Annie Leonard ou de Cossima Dannoritzer¹.

Nas ligazóns dispoñibles na Aula Virtual, inclúense páxinas de interese dende a perspectiva de xénero. Entre elas, só a título de exemplo recoméndase a páxina web do PNUD centrada no empoderamento, ONU Mulleres ou a Guía de recursos para Grupos temáticos de xénero de UNFPA (Fondo de Poboación das Nacións Unidas).

¹ Non se inclúen as referencias a estes traballos debido á limitación de espazo. Para máis información consúltanse as Unidades Didácticas da materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico, publicadas pola Universidade de Santiago de Compostela.

Conclusións

A inclusión da dimensión de xénero en materias do ámbito social constitúe un feito novedoso, que dende a perspectiva docente significa sensibilizar sobre unha problemática socioeconómica e ofrecer unha formación máis integral e completa, ao permitir coñecer a situación socioeconómica real do conxunto da poboación. O alumnado reconece maioritariamente que non se aborda a perspectiva de xénero noutras materias da titulación.

A valoración global da experiencia de inclusión da perspectiva de xénero na materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico pode considerarse positiva, tanto polo alumnado como polo profesorado.

Tendo en conta o elevado nivel de participación do alumnado nas clases nos cursos nos que se desenvolveu esta experiencia, resultou sorprendente a máis limitada participación nos contidos específicos de xénero e, mesmo a ausencia de resposta ante as actuacións de xénero de carácter transversal utilizadas na materia. Nunha primeira interpretación, esa indiferenza ante as temáticas de xénero podería constituír un indicio de normalidade e familiaridade con esas cuestións. Mais a opinión obtida do alumnado non constata esa hipótese e leva a considerala demasiado optimista. Tamén podería deberse a un descoñecemento da realidade, xa que sistematicamente omítese e non se analiza unha parte relevante.

Por último, debe sinalarse que, en xeral, se observa claramente un patrón de comportamento diferencial entre alumnos e alumnas; con maior participación tanto na aula como a través dos foros da aula virtual por parte dos alumnos e unha maior capacidade das alumnas no desenvolvemento das actividades escritas. Asemade, atópanse diferenzas no peso que ten na nota final a avaliación continua e o exame, sendo máis favorable, a nivel xeral, a primeira para os alumnos e a segunda para as alumnas.

A valoración global desta experiencia polo alumnado, baseada nas preguntas realizadas presencialmente na aula e nunha enquisa por escrito, é positiva e, parece contribuír a unha mellora da súa formación. Ao poñer o foco nunha realidade que moitas veces queda oculta, permite visibilizala e incorporala ás reflexións. Polo tanto, realízase unha análise económica máis completa. Ademais nalgúns casos destácase a formación en valores, converténdoo en mellores persoas ou tratando máis respectuosamente ao outro xénero.

A meirande parte do alumnado considera que a materia abordou a perspectiva de xénero, identificando entre dúas e seis dimensións nas que se aplicou. A máis relevante para o alumnado parece ser a composición de grupos de traballo mixtos, seguida da utilización dunha linguaxe oral inclusiva e, do deseño de actividades interactivas de diverso tipo que eviten o nesgo de xénero. As dimensións relativas aos contidos da materia, á utilización dunha linguaxe escrita non sexista e ás dinámicas da aula, son percibidas por preto da metade do alumnado. A dimensión de selección de material elaborado por mulleres apenas é detectada.

Na valoración da inclusión da perspectiva de xénero na docencia desta materia o estudantado tende a considerar que a perspectiva de xénero se integra dun xeito moi natural na materia. Á metade do alumnado resultoulle enriquecedor para a súa formación, sendo novedoso que se abordara unha temática do seu interese. Nalgúns casos destacan que a inclusión da perspectiva de xénero mellorou a súa formación como persoas; ou contribuíu ao tratamento máis equitativo e respectuoso coas persoas do outro sexo.

Con respecto á influencia da perspectiva de xénero nos resultados académicos acadados na materia, o alumnado considera que non tivo influencia, nin positiva nin negativa.

Bibliografía

Bermúdez, Manuel, Cid, Alba (2011): *Criterios de linguaxe non sexista*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Chang, Ha-Joon (2012): "La lavadora ha cambiado más el mundo que Internet", en Ha-Joon Chang, *23 cosas que no te cuentan sobre el capitalismo*, Debate, Barcelona, pp. 56-65.

Luengo, Tomasa; Rodríguez, Carmen (2009): "Enfoque de género en la docencia universitaria: apuntes para la elaboración de un protocolo de buenas prácticas", en M^a Elena Jaime de Pablos (ed.), *Identidades femenina en un mundo plural*, Arcibel, Almería, pp. 441-448.

Sarceda, María Carmen (2011): *Os contidos pedagóxicos na elaboración de unidades didácticas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

<http://storyofstuff.org/movies/>

<http://www.un.org/es/millenniumgoals/news.shtml>

<http://www.undp.org/content/undp/es/home/ourwork/povertyreduction/successstories/>

<http://www.undp.org/content/undp/es/home/ourwork/womenempowerment/overview.html>

http://www.unfpa.org/sites/default/files/pub-pdf/guide_gender_spa.pdf

<http://www.unwomen.org/es>

<http://www.worldmapper.org/>

RECOÑECIMIENTO: Esta iniciativa acadou o primeiro premio (modalidade de docencia) na VI Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC (2015).

Estereotipia e máquinas: unha proposta para traballar en formación inicial de profesorado de Educación Primaria

Alvarez Lires, Francisco Javier
Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación
Universidade de Vigo
xabieral@uvigo.es

Serrallé Marzoa, José Francisco
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
jfserralle@uvigo.es

Pérez Rodríguez, Uxío
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
uxio.perez@uvigo.es

Varela Losada, Mercedes
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
varela@uvigo.es

Resumo

Preséntase unha secuencia didáctica que procura a superación de estereotipos de xénero, a través do estudo de diferentes electrodomésticos, realizada en 2º curso de Grao en Educación Primaria, froito da colaboración entre a área de Didáctica das Ciencias Experimentais e a de Psicoloxía Evolutiva e Educativa. Detéctanse estereotipos de xénero asociados á utilización das máquinas por mulleres e homes e propíciase a valoración dos coñecementos tecnolóxicos aplicados no ámbito doméstico. Relaciónase o gasto de enerxía co desenvolvemento sustentable e o cambio climático. Maniféstanse necesidades de formación

do profesorado en formación inicial, así como de dispoñer de materiais didácticos axeitados ás aulas de Educación Primaria destinados á transposición didáctica na ciencia escolar.

Palabras clave

Estereotipos, electrodomésticos, ciencia escolar, xénero, enerxía

1. Introducción

A disparidade entre o número de homes e mulleres na ciencia e na tecnoloxía foi considerada, frecuentemente, como unha proba das diferenzas biolóxicas nas habilidades e intereses dunhas e doutros. A formulación clásica desta idea é que os homes “naturalmente” van sobresaír nas disciplinas máis esixentes, mentres que as mulleres tenden “naturalmente” a sobresaír en campos como os idiomas. Os recentes avances no logro das nenas en ciencias demostran a importancia da cultura e os ambientes de aprendizaxe no cultivo de habilidades e intereses.

Sophia Huyer e Gunnar Westholm (2007) afirman que as mulleres están subrepresentadas en todos os niveis do sistema de ciencia e tecnoloxía (S e T), teñen menos credenciais, están subempregadas en moitos casos e é claramente insuficiente a súa promoción. A fenda de xénero é un concepto que se utiliza para referirse ao abandono de nenas e mulleres en todo o sistema formal de S e T, desde a educación primaria ata a actividade académica ou profesional.

As citadas autoras salientan cinco grandes obstáculos para as mulleres e para a súa participación en S e T: estereotipos, educación científica, nomeamentos académicos científicos e profesionais de tecnoloxía, desenvolvemento e transferencia. En consecuencia, afirman que as barreiras para a participación de nenas e mulleres na ciencia e a tecnoloxía sitúanse en aspectos socio-culturais, modelos de conduta, programas de estudos, educación, emprego, investigación e industria. Polo tanto, hanse de establecer estratexias para mudar tal situación.

O informe *Why So Few?* (AAUW, 2010) pon de manifesto os efectos das crenzas sociais e a contorna de aprendizaxe nos logros das mozas en ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM) e na elección dos devanditos estudos. Se as familias e o profesorado fan consciente ao alumnado de que a súa intelixencia se pode ampliar coa experiencia, o conxunto de estudantes obterá mellores resultados e non só as mozas.

Os traballos existentes que utilizan o xénero como categoría de análise confirman que os estereotipos de xénero se adquiren nun proceso de aprendizaxe no cal, ademais dos factores culturais comúns á sociedade, é de fundamental importancia a experiencia e interacción coa contorna máis próxima. Por iso, aínda que os estereotipos culturais e de xénero son moi importantes, non existe, afortunadamente, un determinismo social absoluto e nin todos os homes nin todas as mulleres responden ao estereotipo (Alvarez-Lires, 2012). Partindo destes presupostos tentaremos, entón, recuperar algunhas das achegas das mulleres ao ámbito científico-tecnolóxico.

1.1. A desigualdade de mulleres e homes diante da tecnoloxía

A relación das mulleres coa técnica non foi sempre desigual. Abonda con reparar en que xa no período anterior á historia escrita, entre os anos 8000 e 3000 antes da nosa era, no Próximo Oriente, as mulleres adquiriron coñecementos empíricos sobre a transformación dos materiais. Foron elas as que propiciaron os primeiros cambios químicos na fabricación de instrumentos de cerámica precisos para cocinar: quentando arxila elimínase a auga do silicato de aluminio hidratado, obtendo terra cocida. A nova substancia é moi diferente da arxila, pois xa non é moldeable nin desintegrable pola auga. Para fabricar instrumentos cerámicos, as mulleres estiveron en primeira liña na invención da roda.

Elas converteron, mediante o fuso e a roca, as fibras naturais, como a la, o liño, o algodón ou a seda, en fíos, proceso que implica reordenamento de moléculas. Este e outros moitos procesos relacionados coa alimentación, os perfumes, os licores fermentados, as tinguiduras, a agricultura, as ferramentas para os cultivos ou a medicina, constituíron patrimonio das mulleres durante séculos. Coa adquisición dos seus saberes prácticos, todas aquelas mulleres anónimas foron precursoras do que hoxe chamamos ciencia e tecnoloxía. Pero cando estes coñecementos se industrializan ou se comercializan a grande escala, a autoría das mulleres silénciase reforzando o seu afastamento das tecnoloxías (Álvarez Lires, Nuño e Solsona, 2003).

1.1.1. Autoconcepto, autoestima e xénero

Da revisión dos estudos sobre este tema destaca, no ámbito anglosaxón, o *Why So Few?*, xa citado (AAUW; 2010, que expón os resultados de numerosas investigacións sobre a cuestión que nos ocupa, que parten de diferentes modelos (que responden, en moitos casos aos modelos de influencia social e dos estereotipos sobre a elección de estudos). Os devanditos resultados concordan cos atopados hai dúas

décadas por Álvarez Lires e Soneira (1992) e Soneira (1992).

Existen, sempre segundo este informe, trazos inconscientes que limitan o progreso das mulleres nos campos científicos e de enxeñaría: A maioría da xente asocia a ciencia e campos como as matemáticas e a física co “masculino”, mentres que as humanidades e as artes considéranse campos “femininos”. Este trazo implícito é común, mesmo entre persoas que rexeitan activamente os estereotipos de xénero. Esta tendencia non só afecta ás actitudes das persoas cara a outras, senón que tamén pode influír nas nenas e nas mulleres rebaixando a probabilidade de cultivar o seu propio interese nas matemáticas, na ciencia e na tecnoloxía.

Os estereotipos negativos acerca das nenas e das capacidades das mulleres en matemáticas e ciencias persisten, malia o considerable aumento das mulleres na participación e desempeño nestas áreas durante as últimas décadas. Dous estereotipos prevalecen:

- As nenas non son tan boas como os nenos en matemáticas e áreas científico-tecnolóxicas.
- Estas áreas son máis adecuadas para os nenos e varóns que para as nenas e mulleres.

Na escola elemental, nenas e nenos son conscientes destes estereotipos e expresan crenzas estereotipadas acerca dos cursos de ciencias como máis apropiados para homes que para mulleres (Farenga e Joyce, 1999; Ambady et al, 2001). Diversas investigacións verificaron a prevalencia destes estereotipos entre persoas adultas (Nosekcols, 2002). Ademais, as nenas e as mulleres novas vense negativamente afectadas pola imaxe estereotipada do científico-home (Jiménez, 1991; Buck et al, 2008). Pola súa parte, Steele e Aronson (1995) identificaron o fenómeno da ameaza do estereotipo, é dicir, a ameaza de sufrir observación a través dos lentes dun estereotipo negativo ou o medo a facer algo que puidese confirmalo. A ameaza do estereotipo xorde en situacións nas que un estereotipo negativo é relevante para avaliar o rendemento. Por exemplo, unha estudante ante un exame de matemáticas experimentaría unha carga extracognitiva e emocional de preocupación relacionada co estereotipo de que as mulleres non son boas para as matemáticas. Unha referencia a este estereotipo, por moi sutil que sexa, podería afectar negativamente ao rendemento na proba. Cando a carga do estereotipo se elimina, o rendemento mellora. Neste sentido, estudos máis recentes como os de Inzlicht e Ben-Zeev (2000), Nguyen e Ryan (2008) e Walton e Spencer (2009) puxeron de manifesto que a “ameaza do

estereotipo” pode afectar ás mulleres ata 30 puntos en relación cos homes e que eliminando a “ameaza do estereotipo” se podería reducir a fenda de xénero en 2/3.

Mostrar o papel das mulleres na tecnociencia e as súas capacidades para manexar máquinas, electrodomésticos, que contribúen ao benestar da comunidade, axudan a diminuír a ameaza do estereotipo e a mellorar a autoestima das alumnas neste ámbito (Álvarez-Lires et al, 2014)

2. Actividade proposta: estereotipia e máquinas.

Trátase dunha actividade tendente á superación de estereotipos na que se abordan diferentes características de electrodomésticos, cos seguintes obxectivos:

- Estudar e valorar, desde unha perspectiva de xénero, os estereotipos asociados á utilización das máquinas polas persoas.
- Propiciar a valoración dos coñecementos tecnolóxicos aplicados no ámbito doméstico.
- Mellorar a autoestima das alumnas no ámbito científico-tecnolóxico.

2.1. Introducción

Na relación cos produtos da tecnoloxía, aínda que son obxectos, ferramentas e máquinas que claramente non teñen sexo, aplícanse a estes os estereotipos de xénero, atribuíndolle carácter “masculino” ou “feminino”. Estas consideracións de xénero derivan das valoracións que se fan sobre os seus usos, lugares onde se utilizan, o seu emprego e, mesmo, sobre a importancia concedida a súa utilización, aínda que teñan o mesmo fundamento físico, como acontece co batedor e o trade. Así, fanse adscricións de xénero, como as da táboa seguinte, sen fundamento. Para propiciar a modificación destes prexuízos, reflexiónase sobre a análise das diferenzas internas na natureza destas máquinas; facendo uns sinxelos diagramas de bloques dos seus constituíntes e valorando, cunha perspectiva de referencia técnica, aspectos tales como o seu emprego, a potencia que desenvolven, a enerxía que consomen, o seu custo e o seu importe e a duración estimada.

Desde unha perspectiva de interrelación de ciencia–tecnoloxía–xénero–sociedade, pregúntase:

- Canto importou a súa adquisición? Cal vai a ser a súa duración?

- Como funciona? Que elementos contén no seu interior? Cales son os seus parámetros técnicos de funcionamento?
- Cales son a frecuencia e a intensidade do seu uso?
- Cales son as repercusións económicas do seu emprego? Que medidas de seguridade hai que considerar para o seu uso?
- Quen a utiliza habitualmente? Por que?

FEMININO	MASCULINO
Batedor	Trade
Secador de pelo	Pistola decapante
Aspirador	Motor dun pozo
Cafeteira eléctrica	Motor de auga
Microondas	Limpador industrial
Radio	Televisión
Muíño de café	Muíño de fariña
Manga pasteleira	Pistola termofusible
Ferro de pasar	Pranchas industriais
Coitelo eléctrico	Serra eléctrica

2.2. Metodoloxía e desenvolvemento

A realización dun sinxelo estudo, referido aos electrodomésticos, fíxose nas aulas de 2º curso de Grao en Educación Primaria.

Realizouse unha primeira actividade de exploración: Exposición e debate de ideas previas a partir dunha enquisa individual. Tras o debate, establecéronse grupos cooperativos de 4 persoas, distribuíronse os traballos e un calendario coas fases do seu desenvolvemento. O alumnado realizou as seguintes tarefas:

- Confección das fichas e demais documentación de base.
- Prospección e recompilación dos datos.
- Síntese, procesado e tratamento dos datos

Confeccionouse unha ficha tipo, para a toma de datos e o seu posterior tratamento, así como para amosar a correlación entre potencias-enerxías-custos-persoal usuario:

Marca:	
Modelo:	
Prezo de adquisición	
Duración estimada:	
Tipo de electrodoméstico:	
Funcionamento:	
Breve descrición detallando constituíntes: motor, calefactor, programador...	
Datos técnicos de funcionamento: (Voltaxe, intensidade, potencia, revolucións, temperatura...)	
Frecuencia de uso (permanente, diaria, semanal, ocasional...)	
Intensidade de uso: Continuo, de 0 a 5 minutos, ½ hora, x horas, 1 semana, x semanas...	
Persoas usuarias e características de uso: masculino/feminino, frecuente/ ocasional.	
Perigos de uso e medidas de seguridade:	

A partir destes datos iniciais fixéronse cálculos referindo os datos ás persoas usuarias tipificadas na enquisa e, polo tanto, agrupando os electrodomésticos que utilizan. Obtívose o valor acumulado da potencia ($P=V \cdot I$ / $P=I^2 \cdot R$), a cantidade de enerxía que utiliza ($W=P \cdot t$) e o custo ($W \cdot$ prezo do quilovatio) e mesmo a porcentaxe no importe da subministración eléctrica (recibo) como estimación do custo repercutido sobre a unidade familiar.

Posteriormente, realizáronse as seguintes tarefas de estruturación e aplicación:

- Establecemento dun fío de debate na Rede Social Educativa ELGG
- Nova cumprimentación do cuestionario inicial e realización dunha coavaliación.
- Presentación pública de resultados e conclusións.

3. Conclusións

Na detección de ideas previas apareceron estereotipos respecto ao manexo e interese polas máquinas de mulleres e homes, asociación de determinados electrodomésticos a uns e a outras, así como a constatación de experiencias previas diferenciadas de mulleres e homes no uso de electrodomésticos. Tamén se constatou unha concepción estereotipada da tecnoloxía, asociada unicamente con máquinas e aparellos, pero non coa alimentación nin co téxtil, que reforzaban a idea de que a tecnoloxía é cousa de homes. O desenvolvemento sustentable e a súa relación coa perspectiva de xénero estiveron ausentes.

No debate na Rede Social ELGG xurdiron problemas asociados co consumo de enerxía, como o cambio climático, pero non co modelo de desenvolvemento, causante principal do problema. O debate sobre estereotipos de xénero foi especialmente vivo.

Nas presentacións finais e na coavaliación notáronse e dúbidas e mudanza dalgúns ideas iniciais estereotipadas e xurdiu a necesidade de realizar máis actividades semellantes, e de dispoñer de recursos e materiais didácticos para seren utilizados nas aulas de Primaria.

Actividades deste estilo, no ámbito científico-tecnolóxico, permiten non só unha sensibilización do alumnado na integración da perspectiva de xénero, senón tamén mellorar os seus coñecementos científicos, achegar unha visión interdisciplinaria da ciencia e abordar cuestións de enorme actualidade como o desenvolvemento sustentable e o cambio climático cunha perspectiva de interacción ciencia/tecnoloxía/xénero/sociedade/ambiente (CTXSA).

4. Referencia bibliográfica

AAUW. American Association of University Women (2010): *Why So Few? Women in Science, Technology, Engineering, and Mathematics*. Recuperado de <http://www.aauw.org/files/2013/02/Why-So-Few-Women-in-Science-Technology-Engineering-and-Mathematics.pdf>. (Consultado 20/04/16).

Álvarez-Lires, Francisco Javier (2012): *Psicología, género y educación en la elección de estudios de ingeniería*. Tesis Doctoral. Valladolid: Universidad de Valladolid.

Álvarez Lires, Francisco Javier; Arias Correa, Azucena; Serrallé Marzoa, José Francisco e Varela Losada, Mercedes (2014): "Elección de estudios de ingeniería: Influencia de la educación científica y de los estereotipos de género en la autoestima de las alumnas". *Revista de Investigación en Educación*. 12 (1), pp. 54-72.

Álvarez Lires, Mari; Nuño, Teresa e Solsona, Núria (2003): *Las científicas y su historia en el aula*. Editorial Síntesis. Madrid.

Álvarez-Lires, María M. e Soneira, Gloria (1994): "Enseñanza y aprendizaje de las ciencias experimentales: la coeducación como meta". En Ministerio de Educación y Ciencia. (Ed). *Premios CIDE-MEC 1992*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.

Ambady, Nalini; Shih, Margaret; Kim, Amy e Pittinsky, Tood (2001): "Stereotype susceptibility in children: Effects of identity activation on quantitative performance". *Psychological Science*. 12 (5), pp. 85–90.

Farenga, Stephen e Joyce, Beberly (1999): "Intentions of young students to enroll in science courses in the future: An examination of gender differences". *Science Education*. 83 (1), pp.55–76.

Huyer, Sophia e Westholm, Gunnar (2007): *Gender indicators in science, engineering and technology: an information tool kit*. UNESCO. París. Francia.

Jiménez, María Pilar (1991): Proyecto I.D.E.A. CIDE-MEC (inédito). Madrid.

Nosek, Brian Banaji; Mahzarin Rustum e Greenwald, Anthony (2002): "Math = male, me = female, therefore math \neq me". *Journal of Personality and Social Psychology*. 83 (1), pp. 44–59.

Nguyen, Hannah-Hanh e Ryan, AnnMarie (2008): "Does stereotype threat affect test performance of minorities and women? A meta-analysis of experimental evidence". *Journal of Applied Psychology*, 93, pp. 1314 –1334.

Soneira, Gloria (1992): *Actitudes do alumnado de BUP diante das materias de ciencias e letras. Proxecto de innovación educativa*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela (inédito).

Walton, Gregory e Spencer, Steven (2009): "Latent Ability Grades and Test Scores Systematically Underestimate the Intellectual Ability of Negatively Stereotyped Students". *Psychological Science*, 20, pp. 1132-1139.

Steele, Claude e Aronson, Joshua (1995): "Stereotype Threat and the intellectual test performance of African-Americans". *Journal of personality and Social Psychology*, 69 (5), pp. 797-811.

A medición da exclusión social desde unha perspectiva de xénero: enfrontando o nesgo de xénero nas aulas de Ciencias Sociais

Vázquez Silva, Iria
Departamento de Lingua Española
Universidade de Vigo
ivazquez@udc.es

Verde Diego, Carmen
Departamento de análise e intervención psicosocioeducativa
Universidade de Vigo
carmenverde@uvigo.es

Resumo

Esta comunicación parte dun proxecto de investigación realizado sobre a medición da exclusión desde unha perspectiva de xénero, cuxos resultados foron aplicados á docencia no grao de Traballo social e Turismo na Universidade de Vigo. Así, presentaremos a continuación o estudo desenvolvido polo Equipo de Xénero e exclusión social (EGENEX) ao implementar transversalmente a perspectiva de xénero a un proxecto de investigación-acción: o proxecto INclúe (coordinado pola Fundación Emaús) e finalizado en 2015. O obxectivo deste proxecto foi repensar a definición da exclusión social e a súa medición. Nesta investigación afondamos no nesgo androcéntrico que existe na medición da exclusión social e que ten que ver, por exemplo, co énfase excesivo que se lle dan ás rendas monetarias ou a infra-valoración do peso da violencia de xénero ou problemas derivados dela na valoración do grao de exclusión. Estes resultados foron trasladados á docencia, onde foi o noso obxectivo mostrar o nesgo androcéntrico das medicións da exclusión e animar á reflexión por parte do alumnado acerca da necesidade de cuestionar unhas medicións cuantitativas que parten sen embargo de premisas sexistas. Cuestionar as ferramentas de medición desde

unha perspectiva de xénero e mostrar alternativas máis igualitarias foi a nosa finalidade nas aulas.

Palabras clave

Xénero. Exclusión social. Androcentrismo. Inclusión. Traballo social.

1. Introducción

Desde os denominados “Estudos de Xénero” chegouse a constatar que a maioría das disciplinas sociais adolecen dun nesgo androcéntrico como consecuencia de que a maioría do coñecemento social se xerou a partir da análise do grupo dominante na nosa sociedade, é dicir, o masculino. Como consecuencia, distintos ámbitos das ciencias sociais arrastran aínda hoxe un grao importante de androcentrismo ou de cegueira de xénero. A análise e medición dos procesos de exclusión social non é, como veremos, unha excepción.

Así, ao longo desta comunicación imos examinar os indicadores sociais que se empregan para a medición da exclusión social, plantexando unha serie de propostas para acabar co nesgo androcéntrico que habitualmente conlevan. Como sinala Cristina Carrasco (2014:100) os indicadores sociais constitúen medidas cuantitativas ou cualitativas dos fenómenos sociais que permiten analizar as condicións de vida dun sector de poboación determinado. A cuestión clave, como continúa esta autora é que toda “medición do mundo” representa unha organización e unha interpretación desde a perspectiva do ou da que mide (ou ten poder para facelo). Primeiro, porque elixe o que quere medir e para qué o mide. Segundo, porque decide desde onde vai a medir; desde qué perspectiva ideolóxica e teórica vai desenvolver o estudo, cales son os intereses implicados, etc. E terceiro, porque elixe o instrumento de medida: cómo se recolle a información, qué problemas existen coa medición elixida, etc. (Carrasco, 2014:101). O certo é que estas premisas non acostuman ser explícitas, polo que se fai necesario desentrañar o enfoque teórico que está detrás de determinado sistema de indicadores.

Como consecuencia disto, os “Estudos de Xénero” non tratan só de incluír ou describir a situación específica das mulleres como grupo social, senon que o seu obxectivo é reconceptualizar as categorías de análise dun fenómeno social. Así, no caso que nos ocupa, o enfoque de xénero non trata unicamente de desagregar os datos para a inclusión das mulleres, senón que supón replantexar as concepcións dominantes sobre a exclusión social, a pobreza, o traballo, o mercado laboral ou a com-

preensión de cómo funcionan os Estados de Benestar. Non podemos esquecer, neste senso, que as investigadoras en materia de xénero e políticas públicas criticaron a coñecida clasificación proposta por Gøsta Esping- Andersen (1993) sobre os Estados de Benestar, remarcando a cegueira de dito esquema ante o feito de que a “variable xénero atravesa e fragmenta os diferentes rexímenes do Estado de Benestar, sendo necesario avaliar a relación dinámica existente entre as lóxicas políticas dos rexímenes de xénero e os rexímenes do Estado de Benestar” (Antía Pérez, 2010:125).

Ao longo destas páxinas recolleremos, en primeiro lugar, as críticas fundamentais con respecto ao androcentrismo que presentan tanto algúns indicadores de exclusión social, como certos elementos relacionados coa intervención social neste ámbito. Así mesmo, afondaremos na necesidade de introducir a perspectiva de xénero na docencia á hora de presentar as diversas ferramentas de medición da exclusión social que permitan ao alumnado detectar o androcentrismo aínda presente na medición da exclusión social e na práctica da intervención social.

2. Androcentrismo na medición da exclusión social

A “cegueira” de xénero na exclusión social foi cuestionada por primeira vez polas investigadoras que formularon o concepto de “feminización da pobreza”, un concepto que alcanzou visibilidade coa publicación en 1984 do traballo de Hilda Scott *Working your way to the bottom. The feminization of poverty*. A feminización da pobreza fai referencia, en xeral, tanto ao aumento da presenza de mulleres entre as persoas pobres, como ao aumento da presenza de fogares encabezados por mulleres entre a totalidade de fogares pobres. En ambos casos, trátase dunha noción claramente dinámica.

Neste apartado recolleremos algunhas críticas fundamentais con respecto ao androcentrismo que presentan tanto algúns indicadores de exclusión social, como certos elementos relacionados coa intervención social para erradicar dita exclusión. En concreto, centrarémonos nas seguintes tres críticas:

1. Os indicadores de exclusión social teñen estado *demasiado centrados no traballo formal e na renda monetaria* das persoas.
2. É necesaria unha *reconceptualización do concepto de familia* nos procesos de inclusión social: a familia pode ser un “colchón” para determinados membros da familia, mentres que para as mulleres pode ser unha fonte de empobrecemento.

3. Denuncia da *dobre victimización* da que son protagonistas moitas mulleres en situacións de exclusión social.

En primeiro lugar hai que sinalar que os indicadores de exclusión social teñen estado demasiado centrados no traballo formal e na renda monetaria das persoas, o que exclúe a moitas mulleres que non son consideradas como poboación activa. Medir a exclusión social a partir das taxas de actividade e desemprego adolece dun claro nesgo androcéntrico, ao ser o mundo público mercantil o espazo tradicionalmente asignado aos homes (ver Carrasco, 2014). Por isto, os indicadores de exclusión e inclusión social deben incluír sempre o traballo doméstico e de coidados realizado no fogar. Ademais, moitos datos calculan as rentas individuais a partir dos fogares. Neste caso, as desigualdades de xénero resultan parcialmente invisibilizadas e infrarrepresentadas, xa que os datos de carácter individual esgrimidos se obtiveron a partir dunha información agregada relativa ao fogar, considerando que todos os seus membros comparten o mesmo nivel de pobreza e de exclusión social (ver Paola Damonti, 2014). É dicir, a medición dos ingresos por “fogares” divididos entre o número de persoas que conviven nel agocha un suposto reparto equitativo entre tódalas persoas que conviven no “fogar”, sen distinguir a asimetría habitual neste reparto entre homes e mulleres.

En segundo lugar, faise necesaria unha *reconceptualización do concepto de familia* nos procesos de inclusión social. Se ben a familia pode ser un “colchón” para determinados membros da familia, para as mulleres pode ser, en cambio, unha fonte de empobrecemento. Hai que ter en conta que o recente estreitamento do Estado de Benestar ten provocado unha diminución dos servizos públicos de protección e coidado a persoas dependentes e dificultaron (aínda máis) o fomento da corresponsabilidade. Como consecuencia disto, o traballo doméstico e de coidados se incrementa nas familias, responsabilizando novamente ás mulleres (Miguel Laparra et al., 2012).

En terceiro lugar, outro dos aspectos cruciais que debemos ter en conta é a denuncia da *dobre victimización* da que son protagonistas moitas mulleres en situacións de exclusión social. Faise necesario, por tanto, respectar as decisións e a autonomía das mulleres, prestando unha especial atención á relación de poder entre as persoas técnicas e as usuarias. Neste senso, resulta imprescindible prestar atención aos aspectos emocionais na intervención social, realizando un énfase importante na autoestima das mulleres e desmontando a auto-atribución de fracaso e culpa pola situación de exclusión social.

Ademais destas críticas ao nesgo androcéntrico da medición da exclusión social, o enfoque de xénero aplicado á exclusión social pon tamén o acento na existencia de itinerarios de exclusión diferenciados en función do xénero. É dicir, as mulleres chegan á exclusión por razóns e procesos específicos e condicionados polo xénero. Por exemplo, a violencia de xénero e a estigmatización social son unhas variables transversais en moitos dos colectivos de mulleres en procesos de exclusión social.

3. Aplicación da perspectiva de xénero na análise da exclusión social na docencia

A medición da exclusión social e a práctica da intervención social trabállase desde diferentes perspectivas en moitos graos de ciencias sociais. En concreto, as autoras desta comunicación aplicaron estas reflexións teórico-prácticas acerca da exclusión social en diversas materias do grao de Trballo Social e Turismo. O obxectivo principal consistiu en trasladar ao alumnado a necesidade de cuestionar certas ferramentas de medición da exclusión social, incorporando a capacidade do alumnado para coñecer e detectar o seu nesgo androcéntrico, e cuestionar a suposta “neutralidade” das medicións sociais.

- En primeiro lugar, realizouse na aula unha introdución teórica acerca dos principais nesgos androcéntricos na medición da exclusión social, tal e como foron recollidos no apartado anterior.
- En segundo lugar, presentouse ao alumnado unha ferramenta de carácter estatal para a súa análise e detección de posibles nesgos de xénero. Así, examinouse por parte do alumnado a última ferramenta FOESSA (2014) amplamente coñecida e empregada a nivel estatal.
- Por último, e xeito complementario, presentamos na aula o proceso de construción da Ferramenta INclúe da Fundación Emaús como unha “boa práctica” en relación á incorporación do enfoque de xénero nos procesos de exclusión e inclusión social.

3.1. Análise de xénero do Informe FOESSA

En relación ao Informe FOESSA foron puntualizados os seguintes aspectos. Por unha banda, dito informe mide a pobreza extrema en base aos ingresos familiares no fogar (ver indicador de exclusión social no eixe económico, Informe FOESSA, 2014:159). Detectáronse na aula dúas dificultades importantes en relación a este punto:

- A propia conceptualización de “fogares” non distingue as diferenciadas tipoloxías familiares que existen en España (monoparentalidade vs monomarentalidade, familias reconstituídas, fogares compartidos por persoas sen relación de parentesco, etc.) que afectan especialmente ás mulleres.
- A medición dos ingresos por “fogares” divididos entre o número de persoas que conviven nel agocha un suposto reparto equitativo entre tódalas persoas que conviven no “fogar”, sen distinguir a asimetría habitual neste reparto entre homes e mulleres. O propio Informe FOESSA para elaborar determinados datos a nivel individual acode a unha información agregada relativa ao fogar, atribuíndo a todos os seus membros o mesmo nivel de integración, o cal pode ser unha dificultade metodolóxica importante para analizar o grao de exclusión social das mulleres e a súa evolución temporal (ver Paola Damonti, 2014). De feito, dito informe FOESSA (2014:82-83) reconece que a metodoloxía convencional de medida da pobreza descansa na premisa de que os membros dun mesmo fogar forman unha unidade homoxénea. Sen embargo, Francesc Valls e Ángel Belzunegui (2014) propoñen unha simulación na cal se analiza qué relación coa pobreza tería cada persoa se fora analizada exclusivamente cos ingresos que xenera por si mesma e non en función da renda que obteñen outros membros do fogar. Este suposto de autonomía só modifica lixeiramente o risco de pobreza na poboación masculina respecto á metodoloxía convencional, pero fai que a pobreza feminina resulte moi superior que a dos varóns.

Por outra banda, a partir do Informe FOESSA tamén se detectou a necesidade de prestar especial atención aos fogares nos que a sustentadora é unha muller, xa que mostran maiores niveis de exclusión e vulnerabilidade social nas tres dimensións medidas por dito informe: o eixe económico, o eixe político e o eixe social-relacional.

3.2. Análise de xénero da Ferramenta INclúe

Por último, como xa se sinalou arriba, presentamos na aula o proceso de construción da Ferramenta INclúe (Fundación Emaús) como un exemplo de “boa práctica” na introdución dun enfoque de xénero na medición da exclusión social, xa que se contou desde o seu inicio coa necesidade de avaliar externamente todo o proceso desde unha perspectiva de xénero. En primeiro lugar, como equipo EGENEX, afondamos no eido metodolóxico ao redor da necesidade de cuestionar os conceptos androcéntricos de exclusión, tratando que o enfoque de xénero acompañe tanto a medición da exclusión como a práctica da intervención social. Así, elaboramos unha serie de recomendacións desde un enfoque de xénero que foron incorporadas no

Manual INclúe (Emaús, 2015,a) e no Modelo INclúe (Emaús, 2015b) para o seu emprego por parte das persoas técnicas.

En segundo lugar, recibimos un primeiro borrador da Ferramenta Inclúe, unha ferramenta de medición da exclusión, para a súa revisión desde unha perspectiva de xénero. Testeamos a súa validez experimentando o grao de exclusión social de diferentes unidades familiares, encabezadas tanto por homes como de mulleres con fillos/as. Tras esta revisión detectamos que o borrador desta ferramenta dificilmente identificaría cómo o factor “muller” recrudence as dificultades das persoas en exclusión social. Así, trasladamos a necesidade de incorporar unha serie de ítems que na súa medición incorporen dun modo máis fidedigno a situación e realidade das mulleres en exclusión.

A modo de síntese, mencionaremos algúns dos máis importantes e que a miúdo quedan invisibilizados nas medicións dos procesos de exclusión social, e que foron incorporados posteriormente con éxito na propia Ferramenta INclúe.

- En primeiro lugar, detectouse a necesidade de recoller ítems detallados relacionados coa situación familiar da persoa e coas súas cargas familiares, o que soe provocar unha maior dificultade para a súa efectiva inclusión social.
- En segundo lugar, no borrador da Ferramenta de medición tamén se detectou que non se podían procesar situacións nas que a separación/divorcio estiveran xerando problemas familiares; como por exemplo, problemas derivados polo impago de pensións e/ou procesos xudiciais.
- En terceiro lugar, hai que sinalar que as mulleres vítimas de violencia de xénero non aparecían ben identificadas na Ferramenta. Así, apuntamos a necesidade de incorporar o fenómeno da violencia de xénero, e non só a que se padece no presente, senón tamén é importante recoller un historial de violencia e abusos que poida estar afectando ao grao de exclusión das mulleres dun xeito específico.
- Por último, nese primeiro borrador da Ferramenta, as mulleres que exerceran ou exercen a prostitución- en calquera das súas formas- quedaban invisibilizadas no cuestionario. Estas situacións poden poñer en risco ás mulleres de xeito moi importante, pero esta intensidade na exclusión social non se percibía a través do cuestionario: poderían ter vivenda propia, ingresos económicos, etc. Neste senso, se propuxo engadir na Ferramenta un epígrafe específico que recolla explicitamente o exercicio da prostitución, e que incorpore a vulnerabilidade en que sitúa ás mulleres.

4. Conclusións

O obxectivo fundamental foi trasladar o concepto de “nesgo androcéntrico” ao alumnado, co fin de que saiban recoñecer e detectar dito nesgo, neste caso aplicado ás medicións cuantitativas da exclusión social. É especialmente importante que o alumnado saiba reflexionar de xeito crítico ante os datos cuantitativos, que tan a miúdo danse por verdadeiros sen analizar a fondo os conceptos e definicións que empregan ás veces dun xeito inadecuado e baixo premisas claramente androcéntricas.

Como recollen Birgitta Hedman et al. (1996) “a maioría dos problemas e baleiros de datos nas estatísticas de xénero proveñen de conceptos e definicións inadecuadas utilizadas nas enquisas e censos”. Así, o androcentrismo non se atopa só na análise dos datos cuantitativos, senón na propia recollida de datos, polo que resulta especialmente importante que o alumnado teña capacidade reflexiva para cuestionar as ferramentas que se empregan para medir a exclusión social, descubrindo a súa falsa neutralidade, e optando por unha intervención social máis inclusiva para as mulleres. Deste xeito, tratamos de trasladar na aula a necesidade de incorporar un enfoque de xénero que identifique cómo o factor de xénero recrudece as dificultades de integración social de moitas mulleres.

Bibliografía

Caramés, Antía (2010): “Configuraciones del trabajo de cuidados en el entorno familiar. De la toma de decisión a la gestión del cuidado”, *Alternativas: Cuadernos de Trabajo Social*, 17, pp.121-140.

Carrasco, Cristina (2014): “La falsa neutralidad de las estadísticas: hacia un sistema de indicadores no androcéntrico”, en Carrasco, Cristina, editora. *Con voz propia. La economía feminista como apuesta teórica y política*, La oveja roja. Colección viento sur, Madrid , pp.99- 120.

Damonti, Paoli (2014): “Una mirada de género a la exclusión social”, Documento de trabajo 3.1., *VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España*, FOESSA, Cáritas Española editores, Madrid.

Emaús (2015a): *Manual INClúe. Una herramienta para la aplicación de un nuevo enfoque en la atención a personas en exclusión social*. <http://www.emaus.com/pdf/2-%20ManualINCLUE.%20vers%20cast..pdf>. Consultado: 07/05/2016.

Emaús (2015b): *Modelo INClúe. La apuesta por una atención de calidad en el ámbito de la inclusión social*. <http://www.emaus.com/pdf/1-%20Modelo%20INCLUE.%20vers%20cast..pdf>. Consultado: 07/05/2016.

Esping-Andersen, Gøsta (1993): *Los tres mundos del Estado del Bienestar*, Alfons el Magnánim, Valencia.

Hedman, Birgitta, Perucci, Francesca e Sundström, Pehr (1996): *Engendering statistics: a tool for change*. *Statistics Sweden*, Örebro, Sweden.

Laparra, Miguel, Pérez, Begoña e Corera, Concepción (2012): *Primer informe sobre desigualdad, pobreza y exclusión social en Navarra. El impacto de la crisis 2007-2011*, CIPARAIS, Navarra.

Scott, Hilda (1984): *Working your way to the bottom: the feminization of poverty*, Pandora Press, Londres.

Valls, Francesc e Belzunegui, Ángel (2014): "Documento de trabajo 2.3." para el *VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España*, FOESSA, Cáritas Española editores, Madrid.

Achegas femininas á sustentabilidade: a salga do peixe

Lorenzo Rial, María A.
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
marialorenzo@uvigo.es

Álvarez Lires, María M.
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
lires@uvigo.es

Arias Correa, Azucena
Departamento de Didácticas Especiais
Universidade de Vigo
azucena@uvigo.es

Resumo

Nesta comunicación preséntase unha experiencia realizada en 3º curso do Grao en Educación Primaria, destinada a facer visible a importancia dos coñecementos culinarios das mulleres para o desenvolvemento das tecnoloxías alimentarias, tendentes á sustentabilidade da vida e do uso de recursos do mar. Revisase o concepto estereotipado de tecnoloxía (asociada a actividades con marca masculina) e relaciónase a vida cotiá con coñecementos científico-tecnolóxicos. Preténdese, ademais, contribuír a elevar a autoestima das alumnas neste ámbito mediante a revalorización dos saberes ancestrais das mulleres.

Palabras chave

Sustentabilidade, xénero, recursos mar, tecnociencia, autoestima

1. Introducción

Para investigar as achegas das mulleres á ciencia e á técnica é preciso recuperar as súas experiencias e o seu saber (Álvarez-Lires, 2002). Durante séculos encargáronse,

e aínda o fan, da alimentación, do coidado dos seres humanos, da confección de tecidos e de roupa, entre outros labores, por non falar da agricultura ou da fabricación de instrumentos de cerámica; será axeitado, entón, afirmar que non contribuíron aos saberes científicos e técnicos? Non daremos coas mulleres anónimas que se ocuparon da salga e, ademais, eses logros non se recoñecen como achegas femininas á conservación da vida e ao benestar dos seres humanos, en definitiva, á sustentabilidade (Álvarez-Lires, 2015; Lorenzo Rial et al., 2015).

Sandra Harding (1996) indica que as mulleres foron excluídas da ciencia con máis forza que de ningún campo, incluídos os campos de batalla. A igualdade das mulleres na intelixencia e na racionalidade sempre foi negada pola “ciencia oficial”. Na actualidade, aínda quedan restos abondosos de tal concepción na investigación científica e no pensamento social e individual (Álvarez Lires et al, 2014). O informe *Why So Few?* pon de manifesto os efectos das crenzas sociais e a contorna de aprendizaxe nos logros das mozas en ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM) e na elección dos devanditos estudos. Se as familias e o profesorado fan consciente ao alumnado de que a súa intelixencia se pode ampliar coa experiencia, o conxunto de estudantes obterá mellores resultados e non só as mozas. Ademais, será posible animar a máis alumnas a elixir estudos de STEM. É necesario, polo tanto, dirixir unha mirada aos estereotipos que aínda impregnan a nosa cultura. Alentar ás mulleres a entrar nestes campos require prestar unha coidadosa atención ao ambiente nas aulas e centros de traballo e a toda a nosa cultura. É preciso que a educación recupere o saber das mulleres e o incorpore ás aulas na aprendizaxe e no ensino das ciencias. Debe ofrecer un marco de pensamento que permita actuar para construír un mundo máis xusto e igualitario, en definitiva, máis sustentable.

O profesorado é axente clave para levar as demandas educativas a bo termo; de aí que a súa formación (inicial e continua) deba dotalo das competencias profesionais necesarias para que poida formar adecuadamente ás novas xeracións. Esta formación debe abranguer o ámbito tecnocientífico, o disciplinario e o pedagóxico dun xeito integrado, seguindo os principios do socioconstrutivismo (Arias Correa et al., 2015), con metodoloxías holísticas que permitan abordar os aspectos interconectados de calquera situación. Os proxectos utilizan un enfoque globalizador e integrado (Arias et al., 2009). Nesta liña, realizamos unha experiencia de introdución dos saberes femininos nas aulas de Didáctica das Ciencias Experimentais do Grao en Educación Primaria con profesorado en formación inicial.

1.1. A revisión da ciencia escolar

A ciencia e a tecnoloxía chegan construídas ás aulas, polo tanto é preciso adaptalas á realidade do alumnado (ciencia escolar). Velaí o papel do profesorado, dos materiais didácticos e das actividades. A ciencia escolar debe estar ligada ao ámbito próximo e á historia; terá en conta as experiencias diferenciadas de nenas e nenos, adolescentes, mulleres e homes. Debe dignificar as habilidades e destrezas consideradas “femininas” como algo valioso para a propia ciencia e a tecnoloxía, así como para calquera persoa. Recollerá as achegas que as mulleres fixeron ó longo da historia. Ha de ter en conta a relación entre o cognitivo e o afectivo e incorporar as interaccións existentes entre ciencia, tecnoloxía, xénero, sociedade e medioambiente (CTXSA), en liña coa educación para a sustentabilidade.

O profesorado, no desenvolvemento da súa profesión e cualificación, terá que adquirir instrumentos para detectar o sexismo e o androcentrismo na ciencia, na tecnoloxía e na práctica escolar. Ha de aprender, tamén, a incluír o xénero nas súas categorías de análise. Débese apoiar ao alumnado para propiciar a modificación dos estereotipos. Así, facilitarase a corrección dos efectos non desexados da construción da masculinidade nas nosas sociedades: a competitividade, a agresividade, a desconsideración dos aspectos afectivos e emocionais, o acaparamento do material e dos espazos físicos e orais. En canto ás alumnas, hanse minimizar os efectos non desexados da construción da feminidade, tales como a inseguridade e a desvalorización do propio. Un elemento indispensable na acción coeducativa é o fomento da súa autoestima, moito máis baixa que a do colectivo de homes neste ámbito (Álvarez-Lires, 2012).

2. A cociña, a química e as tecnoloxías alimentarias

A cociña foi o primeiro laboratorio químico e as mulleres estiveron encargadas da alimentación durante milenios; xa que logo, estas actividades están encamiñadas a recuperar os seus saberes empíricos e as súas achegas á ciencia e á tecnoloxía alimentarias.

A experiencia indica que o alumnado se motiva cando realiza actividades que producen “ cousas que se poden comer “. É preciso conducilas axeitadamente para que aquel sexa capaz de interpretalas desde o punto de vista científico e manter un clima adecuado no laboratorio. Débese procurar que o profesorado en formación inicial coñeza recursos que promovan a igualdade e a acción positiva, ademais de experimentar un enfoque metodolóxico adecuado para traballar co seu futuro

alumnado. Na liña do exposto, propuxémonos desenvolver, nas materias científicas de formación inicial de profesorado, accións que contemplan a tecnociencia dende unha perspectiva de xénero baseada en proxectos (Arias-Correa et al., 2009).

3. Proxecto. A conserva de alimentos: a salga do peixe

Desenvólvese con alumnado de 3º curso do Grao en Educación Primaria un proxecto relacionado coa salga do peixe que tiña por obxectivos:

- Facer visible a importancia dos coñecementos culinarios para o desenvolvemento das tecnoloxías alimentarias.
- Revisar o concepto de tecnoloxía.
- Elevar a autoestima das alumnas mediante a revalorización dos saberes das mulleres.
- Amosar as achegas das mulleres á sustentabilidade da vida e do mar.
- Relacionar vida cotiá con coñecementos científico tecnolóxicos.
- Utilizar a informática como ferramenta de traballo.



Fig. 1. Tenda de bacallau salgado¹

1 https://www.google.es/?gws_rd=ssl#q=Im%C3%A1genes+de+tiendas+de+bacalao+salado

3.1. Metodoloxía e desenvolvemento

Introdúcese o proxecto na aula falando da importancia do salgado na Pontevedra medieval. O alumnado expón as súas opinións ao respecto e decátase do seu descoñecemento da temática. Pásase un cuestionario previo coa finalidade de coñecer as súas ideas e habilidades. Ponse en común os resultados.

Cuestionario previo
En que consiste o procedemento de salga do peixe?
Sabes se é un procedemento utilizado na actualidade?
En que consiste a osmose?
Coñeces exemplos de osmose?
Saberías preparar unha disolución de sal en auga ao 26,4% en masa?
Partindo de que a solubilidade do Na Cl en auga é de 35,9 g por 100 ml de auga, poderías calcular cal é a máxima cantidade de sal que poden conter 100g de disolución?

Decátanse do descoñecemento e lagoas que teñen ao respecto. Deciden investigar e experimentar para coñecer os procedementos e os procesos involucrados na salga e as razóns de que permita a conservación de alimentos. Dan con fontes diversas e textos de lectura².

A salga utilizouse nas cociñas desde tempo inmemorial para a conservación de alimentos como o peixe e a carne. Tamén se utilizaba o afumado. Durante séculos foi o procedemento máis empregado, nas vilas costeiras e nas aldeas do interior de Galicia, para alimentarse durante as longas invernías. No século XVIII, o goberno español estableceu un imposto elevadísimo sobre o sal, que as familias galegas humildes non podían pagar, así que a salga foi substituída pola seca ao aire. As mulleres das vilas mariñeiras utilizaron a auga do mar para amasar o pan. Salgar os alimentos era a única forma que tiñan as tripulacións dos barcos para asegurar a mantenza nas interminables travesías transoceánicas. Aínda segue a ser case a única maneira de conservar os alimentos en zonas ás que non che-

² www.fao.org/docrep/field/003/ab486p/AB486P07.htm

<http://culturmar.org/wp-content/uploads/2016/12/Ardentia3.pdf>

<http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/313>

<http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/164>

gou o desenvolvemento industrial. No caso do peixe, a salga foi substituída pola refrixeración ou a conxelación, a escala doméstica e industrial, pero segue a ser un procedemento culinario para as sardiñas e as anchoas, e industrial para o bacallau, o bonito ou as ovas de peixe. No País Valencià e nos países nórdicos de Europa, a salga do peixe é moi apreciada, ás veces combinada co afumado. Pensemos nos “afumados” tan en boga ou nas salgas de “mojama”, ovas de peixe, arenques e outros produtos, que acadan altos prezos no mercado, e no bacallau seco e salgado, noutrora xantar de pobres, hoxe case un artigo de luxo. O que acontece durante a salga é un proceso de osmose.

Coa información esquematizada en mapas mentais, diagramas de fluxo e Vs de Gowin, o alumnado organizárase en equipos cooperativos para a realización da experiencia.

Ingredientes: — Sardiñas. — Sal de cociña (Cloruro de sodio). — Auga — Aceite de oliva virxe. — Zume de limón. — Ourego. — Pemento doce moído.

Materiais : — Coitelo. — Tesoiras. — Un recipiente hermético.

Procedemento:

Colócanse as sardiñas enteiras e o sal gordo húmido no recipiente, por capas. Pódese utilizar tamén unha disolución saturada de Na Cl en auga, chamada salmoira. Tápase o recipiente e colócase nun lugar fresco e seco ou na neveira. Despois de tres ou catro días, sácanse as sardiñas, lávanse, tíraselle a pel, a cabeza, as tripas e as espiñas. Fanse filetes, colócanse nunha fonte, engádeselle aceite de oliva virxe, zume de limón e ourego. Déixase a macerar un tempo, nun recipiente de porcelana ou de cristal, e xa están listos para o consumo.

Introducíronse novos coñecementos durante todo o proceso. Ao remate do experimento, o alumnado cubrirá de novo o cuestionario inicial e tirará conclusións en gran grupo sobre o aprendido e a maneira de trasladar o aprendido ás aulas de Educación Primaria.

Unha vez rematada a experiencia e introducidos os novos coñecementos, o alumnado deberá realizar as seguintes actividades:

- Confeccionar unha listaxe dos conceptos que interveñen no proceso e un mapa conceptual.

- Elaborar unha secuencia ordenada que describa o proceso de salga, paso por paso. Utilizar un procesador de textos do ordenador para presentala en forma de diagrama.
- Construír o diagrama de fluxo.
- Interpretar os datos da gráfica I: porcentaxe de concentración salina fronte á porcentaxe de perda de auga intracelular.


3.2. Introducción de novos coñecementos e interpretación do proceso

O proceso de salga frea a putrefacción porque a meirande parte das bacterias non pode sobrevivir nun medio de alta concentración de ión cloruro. O que acontece é un proceso de osmose, no que dúas disolucións de diferente concentración, separadas por unha membrana semipermeable, tenden a acadar a mesma concentración debido ao paso do disolvente desde a máis diluída ata a máis concentrada, facéndose isotónicas, é dicir, igualándose as súas presións osmóticas. As membranas semipermeables caracterízanse porque permiten o paso dun compoñente da disolución ao seu través, e impiden o paso doutro compoñente.

SALGA DA SARDIÑA		
Concentración da disolución salina inicial	Concentración da disolución salina das sardiñas	Textura das sardiñas
0.00%	0.90%	I
15.00%	7.80%	II
20.00%	10.40%	III
26.40%	13.50%	IIII

Unha vez que o peixe está cuberto con sal ou salmoira, que é unha disolución saturada Na Cl en auga, o sal é capaz de tirar auga dos tecidos celulares e das proteínas, que a ceden no proceso de desnaturalización, coagulación ou “curado”.

Someteuse o peixe a un proceso de maceración consistente no seu remollo nun líquido, a temperatura ambiente, para tirarlle algún líquido, é dicir, a maceración aplícase para obter a disolución de principios solubles en frío. Neste caso, a membrana é a membrana celular. No interior do tecido celular da sardiña, a concentración da disolución é do 0,9%, mentres que no exterior é de 26,4 g de sal en 100g de disolución.



Gráfica 1. Salga de sardiñas. Osmose. FONTE: Pérez Conesa (1998)

Debido a un proceso de osmose, a primeira disolución concéntrase e a segunda dilúese, porque a primeira cede auga á segunda a través da membrana celular. O proceso continúa ata que as dúas disolucións acadan a mesma concentración. A dureza da sardiña vai aumentando a medida que se achega ao equilibrio, pois a medida que perde auga vai resecando, aumentando a súa concentración salina e o grao de dureza.

Conclusións

O traballo por proxectos, no que xa tiñamos experiencias anteriores (Arias Correa et al., 2015), amosou a súa utilidade no ensino das Ciencias Experimentais e na maneira de levalo ás aulas de Educación Primaria. Como conclusións do proceso, achéganse as seguintes:

1. A experiencia foi positiva, tanto polo que respecta ao desenvolvemento de competencias profesionais no profesorado en formación, como no relativo ao enfoque de xénero no traballo.
2. Favoreceuse a motivación do alumnado e as súas aprendizaxes científicas (osmose, concentración, disolucións...) e didácticas (método de proxectos).
3. Propiciáronse reflexións sobre a maneira de introducir as ciencias na aula atendendo a un enfoque de xénero.
5. Amosouse a necesidade de introducir novas actividades e tarefas semellantes.
6. O alumnado amosouse satisfeito e manifestou a necesidade de coñecer novos recursos e actividades para levar á aula de Educación Primaria.

Referencias bibliográficas

AAUW. American Association of University Women (2010): *Why So Few? Women in Science, Technology, Engineering, and Mathematics*. <https://www.aauw.org/files/2013/02/Why-So-Few-Women-in-Science-Technology-Engineering-and-Mathematics.pdf>. (Consultado 4/04/16).

Álvarez-Lires, María (2002): "De la ciencia moderna a la tecnociencia: nuevos análisis de género". Conferencia pronunciada en las *Jornadas de Ciencia, Tecnología y Género*. Vitoria Gasteiz: EMAKUNDE/Instituto Vasco de la Mujer.

Álvarez-Lires, Francisco Javier (2012): *Psicología, género y educación en la elección de estudios de ingeniería*. Tesis Doctoral. Valladolid: Universidad de Valladolid.

Álvarez Lires, Francisco Javier; Arias Correa, Azucena; Serrallé Marzoa, José Francisco e Varela Losada, Mercedes (2014): "Elección de estudios de ingeniería: Influencia de la educación científica y de los estereotipos de género en la autoestima de las alumnas". *Revista de Investigación en Educación*. 12 (1), pp. 54-72.

Álvarez-Lirez, M. (2015): "Educación, tecnociencia, xénero e desenvolvemento sostible". *III Xornada Universitaria Galega en Xénero*. [CD-ROM]. Vigo: Universidade de Vigo.

Arias Correa, Azucena, Arias Correa, Dolores, Navaza Blanco, M^a Victoria, e Rial Fernández, M^a Dolores (2009): *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Santiago de Compostela.

Arias Correa, Azucena, Varela Losada, Mercedes, e Pérez Rodríguez, Uxío (2015): "A crise da auga: unha experiencia con profesorado en formación inicial para sensibilizar sobre as relacións entre igualdade de xénero e sustentabilidade". *III Xornada Universitaria Galega en Xénero*. [CD-ROM]. Vigo: Universidade de Vigo.

Pérez Conesa, Joaquín (1998): *Cocinar con una pizca de ciencia*, IJK editores, Murcia.

Harding, Sandra (1996): *Ciencia y feminismo*. Morata, Madrid.

Lorenzo Rial, María A.; Araújo Álvarez, Rocío e Álvarez Lires, María M. (2015): "Desenvolvemento sostible e xénero: una relación descoñecida". *III Xornada Universitaria Galega en Xénero*. [CD-ROM]. Vigo: Universidade de Vigo.

Área.

Integración da perspectiva de xénero no ensino virtual

*Coordinada pola
Oficina para a Igualdade
de Xénero
da Universidade da Coruña*

Viaja con la Doctora Violeta: un juego interactivo a través de la igualdad de género

Pozo Antonio, Santiago
Dpto. Recursos Naturales y Medioambiente
Universidade de Vigo
ipozo@uvigo.es

Fiorucci, María Paula
Laboratorio de Aplicaciones Industriales del Láser
Centro de Investigaciones Tecnológicas (CIT)
Universidade da Coruña
p.fiorucci@udc.es

López Díaz, Ana Jesús
Laboratorio de Aplicaciones Industriales del Láser
Centro de Investigaciones Tecnológicas (CIT)
Universidade da Coruña
ana.xesus.lopez@udc.es

Resumen

La formación del profesorado de Educación Secundaria Obligatoria y post-obligatoria, que se lleva a cabo en nuestras universidades a través de másteres específicos, es uno de los factores clave para asegurar la calidad de la educación en estas etapas educativas. Es por ello que al alumnado (futuras profesoras y profesores de secundaria) se le han de aportar conocimientos que le faciliten la introducción de la perspectiva de género en su futura labor docente. El objetivo de este trabajo es presentar el juego interactivo “Viaja con la Doctora Violeta” como herramienta docente a disposición del futuro profesorado de educación secundaria para visibilizar las aportaciones de las mujeres en distintos ámbitos de la sociedad, la cultura y el conocimiento. Este juego, creado mediante el editor de código abierto <e-Adventure>, puede ser modificado fácilmente, sin que se requieran conocimientos de programación, para adaptarlo a las necesidades docentes. Se ha llevado a cabo

una evaluación preliminar de la jugabilidad por una población muestra de entre 15 y 18 años, obteniendo unos resultados muy satisfactorios.

Palabras clave

Máster para profesorado de educación secundaria, TIC, videojuegos educativos, igualdad de género, estereotipos

Introducción

Las Tecnologías de la Información y la Comunicación (TIC) son elementos ya naturales en la vida cotidiana y como tales, han sido plenamente incorporados al proceso de enseñanza-aprendizaje, bien como parte central del mismo (cursos en línea, por ejemplo) o como importantes elementos auxiliares. En este sentido los videojuegos, lejos de ser entendidos únicamente de una manera lúdica, se pueden incorporar como herramienta didáctica para enseñar todo tipo de conceptos (Serrano-Laguna et al., 2012).

Hasta hace una década el desarrollo de videojuegos educativos estaba basado en complejos programas de edición que dificultaban la obtención de los resultados deseados por educadores y educadoras (Marchiori et al., 2012). Como consecuencia de la necesidad de un editor de juegos de acceso libre, sencillo y con costes de desarrollo asumibles nace <eAdventure> elaborado por el grupo de elearning de la Universidad Complutense de Madrid eUCM (<http://e-adventure.e-ucm.es/>). <e-Adventure> permite abordar las dificultades de integración de los juegos en el proceso de enseñanza y facilitar la integración del profesorado en el proceso de desarrollo. Para el empleo de este editor no son necesarios conocimientos previos de programación ya que, como se puede ver en la Figura 1 dispone de una barra de herramientas sencilla e intuitiva (Marchiori et al., 2012). La plataforma <e-Adventure> consta de un editor gráfico en el que, de una manera intuitiva y visual, se permiten definir todos los elementos y relaciones que intervendrán en el juego y de un motor para poder ejecutar los juegos creados (Del Blanco et al., 2012). A su vez, <e-Adventure> permite crear un mecanismo de evaluación a través de la generación de un informe con las calificaciones obtenidas por cada participante. Este editor ha sido empleado con diversos fines en los últimos años, por ejemplo para el reconocimiento visual de minerales y rocas (Pozo et al., 2014).




Figura 1: Editor e-Adventure. A la izquierda el menú con las aplicaciones (escenas, personajes y conversaciones). En este caso se muestra el proceso de edición de las escenas.

En este trabajo se presenta el juego “Viaja con la Doctora Violeta (a través de la igualdad y el conocimiento)” (Figura 2) basado en preguntas y respuestas de distinta temática, al estilo del conocido Trivial, pero siempre en relación con las aportaciones de las mujeres a los avances de nuestra sociedad. El juego se ha concebido como herramienta didáctica a disposición de alumnas y alumnos de los másteres para profesorado de educación secundaria que se imparten en nuestras universidades. Es un hecho constatado la escasa presencia de referencias femeninas en los libros de texto de secundaria (López Navajas, 2014); este juego facilitaría la introducción de la perspectiva de género en distintas materias que impartirán como docentes, a través de la visibilización de las mujeres y sus contribuciones en ámbitos como la política, la ciencia, la tecnología, el deporte o las artes, entre otros; tratando así de combatir estereotipos sexistas muy arraigados y creando referentes en los que las chicas puedan apoyarse para desarrollar plenamente sus capacidades y sus aspiraciones. Se trata además de un juego que se puede implementar fácilmente en el aula de forma colaborativa de manera que se refuerzan valores como la cooperación, la negociación y la resolución de conflictos.

Características del juego

El juego “Viaja con la Doctora Violeta” ha sido elaborado empleando el editor <e-Adventure>. Se trata de un juego en primera persona, es decir, cada participante, o grupo de participantes, es protagonista de la aventura a través de la igualdad y el

conocimiento, que realizará de la mano de la Doctora Violeta (interlocutora cibernética) como se puede ver en la Figura 3.



Figura 2: Pantalla de inicio del juego Viaja con la Doctora Violeta.

El juego se basa en preguntas con tres posibles respuestas de las cuales sólo una es la correcta. Se puede escoger entre 5 categorías: Política, Historia, Deportes, Arte y Ciencias (Figura 3, izquierda); con cada respuesta correcta se ganarán 10 puntos, ante cada respuesta fallida se ofrece una nueva oportunidad, pudiendo escoger entre las dos respuestas restantes. En esta segunda oportunidad a cada acierto se le asignarán 5 puntos pero en caso de fallo se dirigirá al participante o participantes hacia una nueva pregunta sin haber obtenido ningún punto.




Figura 3: Capturas de distintas pruebas del juego donde se puede ver la comunicación establecida con la Dra. Violeta. Izquierda: Presentación de las categorías entre las que se reparten las preguntas. Derecha. Formato del cuestionario.

A medida que se va progresando en el juego, la dificultad de las preguntas se incrementa. En el proceso de edición, que aún se encuentra en fase preliminar, se han incorporado un total de 200 preguntas sobre los diferentes ámbitos; pero una de las ventajas de este editor es que siempre es posible, de una forma sencilla, la modificación y/o introducción de nuevas cuestiones de manera que el profesorado puede readaptar el juego a medida que lo va probando para que el interés se mantenga o para adecuarlo a las necesidades específicas de su alumnado.

Al finalizar el juego se genera un informe con las puntuaciones obtenidas y la valoración global de cada participante, o grupo de participantes, se incorporará al Ranking Final del juego. Este aspecto abre también las posibilidades de utilizar el juego mismo como una herramienta de evaluación, aspecto este que debe ser considerado por cada docente en función de sus necesidades.

Evaluación

La evaluación de un juego de estas características requiere, por una parte, la evaluación de la interfaz, en concreto de su usabilidad; así como la evaluación de la jugabilidad. Estos aspectos forman parte del trabajo futuro de nuestro grupo y lo que presentamos aquí son los resultados de una primera evaluación sobre la facilidad de utilización por parte de los jugadores y jugadoras llevada a cabo mediante un test realizado a un grupo de 20 chicos y chicas de entre 15 y 18 años. En la Tabla 1 se presenta el cuestionario utilizado y los resultados obtenidos. Las preguntas se refieren a la apariencia de la interfaz y la idoneidad del juego como herramienta de aprendizaje.

Como se puede apreciar, chicos y chicas han valorado muy positivamente (100% de las personas encuestadas la califican como Excelente) la comprensión de las preguntas, lo cual es fundamental para asegurar que se mantenga la atención sin abandonar o caer en el aburrimiento. Además han considerado que el desplazamiento a lo largo de los diferentes escenarios es claro y no ocasiona confusiones, siendo este un punto muy importante a la hora de diseñar un juego de estas características, pues si el movimiento no está claro puede provocar el desinterés que finalmente llevará a abandonar la partida. Con respecto a la valoración de la idoneidad del juego como herramienta de aprendizaje, los resultados indican que su utilidad es plenamente satisfactoria, ya que el 100% la califica como Excelente o Buena. El 90% de las personas encuestadas considera que en todo momento han mantenido la atención.

Conclusiones

Se presenta un juego interactivo para visibilizar las aportaciones de las mujeres al avance de la sociedad. Se ha diseñado como herramienta docente a disposición de las personas que cursan los másteres para profesorado de educación secundaria que se imparten en nuestras universidades, para contrarrestar la escasa presencia de referencias femeninas en los libros de texto. Este juego, basado en el editor de código abierto <e-Adventure>, no requiere conocimientos informáticos avanzados para su creación y/o modificación; por lo que podría ser fácilmente adaptable a las necesidades docentes. Por otra parte, las chicas y chicos que lo han probado coinciden en su facilidad de uso y en su atractivo. Ambos aspectos apuntan a que “Viaja con la Doctora Violeta” podría facilitar a los y las docentes el trabajo de valores y conocimientos que del modo tradicional (clases magistrales, conferencias u horas de estudio) pudieran no resultar tan atractivos al alumnado de secundaria. Se plantea como trabajo futuro de nuestro grupo una mejora en la edición de las escenas así como una evaluación más rigurosa tanto de la usabilidad de la interfaz como de la jugabilidad del juego.

Agradecimientos. Queremos expresar nuestro agradecimiento a Melania Fernández Rodríguez, por su colaboración poniendo cara a la Doctora Violeta.

Tabla 1. Rúbrica de evaluación del juego con los resultados obtenidos (%)

Competencia	Excelente	Bueno	Regular	Malo
Apariencia y facilidad de manejo del juego				
He sido capaz de desplazarme correctamente	Supera las expectativas iniciales 70%	Videojuego diseñado correctamente 30%	Pequeños errores en el diseño 0%	Errores mayores en el diseño 0%
Las imágenes son de calidad	Imágenes de calidad excelente 85%	Imágenes de calidad correcta 10%	Algunas imágenes son defectuosas 5%	Las imágenes tienen mala calidad 0%
Las preguntas que aparecen en el videojuego están bien formuladas	Todas las preguntas se entienden perfectamente 100%	Las preguntas son un poco ambiguas 0%	No he entendido algunas de las preguntas 0%	Las preguntas no tienen sentido 0%
Idoneidad como herramienta de aprendizaje				
En términos generales es:	Excelente 75%	Bueno 25%	Regular 0%	Malo 0%
Mantiene el interés durante mucho tiempo	Se puede utilizar todo el tiempo que se quiera. En ningún momento decae el interés 90%	Es entretenido, pero no practiqué mucho 5%	Pierdo el interés en algunos momentos y dejo de jugar 5%	No la utilicé, porque pierdo el interés en el videojuego 0%

Bibliografía

Del Blanco, Ángel; Torrente, Javier; Marchiori, Eugenio J.; Martínez-Ortiz, Iván; Moreno-Ger, Pablo; Fernández-Manjón, Baltasar. (2012): "A framework for simplifying educator tasks related to the integration of games in the learning flow". *Education Technology & Society* 15(4), pp. 305-318.

López-Navajas Ana. (2014): "Análisis de la ausencia de las mujeres en los manuales de la ESO: una genealogía de conocimiento ocultada". *Revista de Educación*, 363, pp. 282-308.

Marchiori, Eugenio J.; Serrano-Laguna, Ángel; del Blanco, Ángel; Martínez Ortiz, Iván; Fernández-Manjón, Baltasar. (2012): "Integrating domain experts in educational game authoring: a case study". In proceedings of the 2012 Fourth IEEE International Conference On Digital Game and Intelligent Toy Enhanced Learning (DIGITEL 2012), pp. 72-76, Takamatsu (Japan). March 27-30 2012.

Pozo, José S.; Piñeiro, Jessica; Iglesias, Carla. (2014): "e-Rock: una forma alternativa para aprender petrografía". En: P. Membiela, N. et al. (eds.) *Educación Panorama actual en la docencia universitaria* (pp. 283-287). España. Educación Editora.

Serrano-Laguna, Ángel; Torrente, Javier; Moreno, Pablo; Fernández, Baltasar (2012): "Tracing a little for big Improvements: Application of Learning Analytics and Video-games for Student Assessment". En: Proc. of VS-GAMES Conference (pp. 203-209), Italy.

Deseño e implementación dun proxecto sobre as mulleres nas artes e nas ciencias cunha metodoloxía virtual

Chao-Fernández, Rocío

Composición

Universidade da Coruña

rocio.chao@udc.es

Mato-Vázquez, Dorinda

Pedagogía e Didáctica

Universidade da Coruña

m.matov@udc.es

Chao-Fernández, Aurelio

Composición

Universidade da Coruña

rocio.chao@udc.es

Pérez-Mato, Ana

Pedagogía e Didáctica

Universidade da Coruña

anaperezmato@gmail.com

Resumo

O obxectivo deste traballo foi o deseño e implementación dun proxecto sobre as mulleres nas artes e nas ciencias co alumnado de 4º curso de Grao de Educación Infantil da Facultade de Ciencias da Educación.

As tarefas leváronse a cabo cunha metodoloxía virtual nas clases de Pedagogía Musical e Matemáticas na vida desenvolvidas de forma interdisciplinar.

Os resultados evidencian que o traballo no ámbito educativo universitario era necesario, foi positivo e fixo que o profesorado en formación

reflexionase sobre a cultura da igualdade, coñeceran a vida e as ache-
gas dunha mostra representativa das mulleres sobranceiras que máis
sobresaíron no campo das artes e das ciencias desde a Antigüidade ata
os nosos días.

Palabras clave

Interdisciplinarietàade, xénero, ensino virtual, novas tecnoloxías

Introducción

Ao longo da historia non é novidade afirmar que a muller estivo marxinada tanto na súa formación como na súa proxección profesional, tanto no eido artístico como no científico, aínda que neste ámbito, se cabe, a discriminación foi maior. Créase que o hábitat natural das mulleres era o doméstico e que dedicarse ao mundo do coñecemento era propio dos homes. Os argumentos que se empregaron para xustificar que as mulleres nin podían nin debían dedicarse a cuestións intelectuais, foron primeiro de carácter relixioso e máis tarde pseudocientífico. Mesmo se chegou a afirmar que as mulleres tiñan unhas capacidades intelectuais e profesionais inferiores ou diferentes ás dos homes, e que durante a menstruación somos máis febles. Estas conviccións per-
viviron ao longo dos séculos. Ben é certo que aínda que escasas, tamén se puideron escoitar tímidas, pero firmes voces a favor de reverter esta situación, tanto por parte de mulleres como de homes, que comprenderon a importancia da paridade social e psicolóxica para o desenvolvemento social. Así Carl Friedrich Gauss (1777-1855) afirmou cando coñeceu a verdadeira identidade de quen el pesaba que era Monsieur Le Blan, que non era outra que Sofie Germain “[...] cando unha muller, debido ao seu sexo, aos costumes e prexuízos, atopa obstáculos infinitamente maiores que os homes para familiarizarse con eses complexos problemas, e non obstante supera estas trabas e socaba no máis profundo, indubidablemente ten o máis nobre dos valores, un talento extraordinario e un xenio superior” (citado en Chao-Fernández e Mato-Vázquez, 2014:124).

Mesmo houbo quen intentou refutar estas crenzas con estrictas investigacións, como as de Leta Stetter Hollingworth (1886 –1939), cuxos primeiros traballos centráronse en demostrar que as diferenzas non están no xénero, senón no intelecto. Tal era a o convencemento e indignación de Leta, que dedicou a súa tese doutoral a facer un estudo de campo -realizou probas tanto a homes como a mulleres-, no que comprobou que non existe un ciclo de perda de capacidades relacionado co ciclo menstrual feminino.

Pero entre tanto, estas crenzas provocaron que as mulleres recibiran unha educación menor en comparación coa dos homes da súa familia, e que mesmo se autocensurasen para cumprir axeitadamente coas súas funcións como esposas e nais. Véxase a testemuña da compositora Clara Schuman (1819-1896): *“Algúnha vez crín que tiña talento creativo, pero renunciei a esta idea; unha muller non debe desexar compoñer. Ningunha foi capaz de facelo, así que, por qué podería esperalo eu?”* (citado en Chao-Fernández, 2011:10).

Por outra banda, consideramos que un modo moi apropiado de acercamento ao alumnado é a través do uso do entorno virtual e as novas tecnoloxías, xa que estas contribúen e contribuirán, aínda en maior medida, á renovación do proceso de ensino-aprendizaxe, pois aportan *innovación e creatividade* (Hernández, Pennesi, Sobrino e Vázquez, 2011). Efectivamente, a Sociedade do Coñecemento e da Información esixe unha transformación nos procesos educativos (Marqués, 2013), xa que o impacto que provocan na formación continua non ten precedentes (Adell y Castañeda, 2010; Attwell y Hughes, 2010), polo que o profesorado temos a obriga de introducilos na educación e formación do noso alumnado. É a “pedagogía emergente” á que se refiren Adell e Castañeda (2012).

A este respecto, as TIC supoñen unha ferramenta óptima para traballar a igualdade de xénero co noso alumnado, xa que se presentan como un recurso favorecedor en canto que aumenta a motivación, a participación e a reflexión do seu propio proceso de aprendizaxe.

Porén, unha parte do profesorado teme a introdución da informática na aula, a pesar de que a comunicación que é posible xerar có uso interactivo dos medios e as novas tecnoloxías, ofrece unha ocasión moi propicia para actuar sobre a complexidade da aprendizaxe como un proceso vivo, non exclusivamente intelectual, se non afectado profundamente por cuestións afectivas e motivacionais, como son os hábitos de estudo, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, as expectativas e os intereses particulares (López-Chao, López-Chao e Mato-Vázquez, 2014).

Consideramos que o marco educativo tardou en reaccionar fronte o impacto tecnolóxico presente na sociedade. Evidentemente, a Universidade non pode quedar atrás; xa que *ésta* é unha parte importante da socialización do noso alumnado, faise necesario introducir os diferentes avances tecnolóxicos nas aulas. Según Farrerons Vidal (2011:321):

“Los proyectos de mejora e innovación docente están evolucionando hacia espacios de aprendizaje virtuales promovidos por el uso de las TIC. El alumnado debe tener un aprendizaje adaptado a sus necesida-

des. La importancia de la Enseñanza Asistida por Ordenador radica en que potencia la figura del profesorado, posibilitando que dedique más tiempo a las labores más críticas de la enseñanza.

Es imprescindible implementar las TIC en las tareas docentes para mantener la calidad docente y cumplir con las dedicaciones fijadas en los planes de estudio, siguiendo las directrices marcadas en el EEES”.

Tendo isto en conta, e debido ás carencias que levamos detectando durante anos no noso alumnado respecto á visibilización da contribución das mulleres nas diferentes ramas de coñecemento, decidimos levar a cabo a experiencia que se describe a continuación. Polo tanto o noso obxectivo foi o deseño e implementación dun proxecto sobre as mulleres nas artes e nas ciencias ao longo da historia, cunha metodoloxía virtual, con estudantes das clases de Pedagogía Musical e Matemáticas na vida de 4º curso do Grado de Educación Infantil, desenvolvida de forma interdisciplinar.

Obxectivos

Os obxectivos deste traballo foron:

- Sensibilizar ao alumnado no mérito e recoñecemento da muller nos diferentes campos das artes e as ciencias ao longo da historia.
- Dar a coñecer o papel e as contribucións das mulleres en varios campos científicos e artísticos a través de todos os períodos históricos.
- Mostrar ao alumnado as dificultades que tivo -e segue tendo- a muller na historia para ocupar un papel significativo.
- Utilizar as Tic e as plataformas virtuais para acadar estes obxectivos.
- Aproximar os discentes ao uso da informática como medio de aprendizaxe.
- Aprender a elaborar unha páxina WEB sobre as mulleres.

Contidos

Os contidos deste traballo foron:

- Recoñecemento das mulleres que achegaron coñecementos na historia.

- Búsqueda de textos sobre as mulleres na historia.
- Papel das mulleres nas artes e nas ciencias.
- Reflexión crítica sobre a igualdade de xénero.
- A utilización dos modelos de científicas nas aulas.
- Dificultades pasadas e presentes das mulleres para ocupar postos relevantes.
- Uso crítico das tecnoloxías da información e comunicación.
- Adquisición de ferramentas Tic e Web para investigar sobre o noso pasado.
- Elaboración duha páxina WEB para a difundición dos resultados.
- As Tic e as plataformas virtuais como medio de sensibilización e coñecemento das mulleres que salientaron en diferentes ámbitos.
- Accións de difusión e sensibilización nas aulas sobre a perspectiva de xénero.

Metodoloxía de traballo

Unha vez que detectamos a ausencia de coñecementos do noso alumnado, con respecto ao traballo desenvolvido pola muller ao longo da historia en todos os campos do saber, decidimos planificar un ambicioso traballo. Partimos do feito de que consideramos que o papel do docente como planificador de novos contornos e contextos de aprendizaxe, e o papel do alumnado como construtor e xestionador da súa propia aprendizaxe son piares básicos para que se produza un auténtico proceso de ensinanza e aprendizaxe (Vega, 2004).

Tarefas

1º.- Organización de grupos de traballo en cada materia e reparto das disciplinas que iamos estudar e épocas históricas a traballar.

2º.- Distribución entre o noso alumnado para que de xeito individual realizase unha busca das mulleres que sobresaíron en Matemáticas, Música, Lingua, Ciencias, Arquitectura, etc. por internet.

3º.- Contextualización a través da búsqueda, en internet, de cada autora no período histórico respectivo, que centran o traballo (da antigüidade á actualidade) incidindo nos cambios políticos, sociais, económicos e culturais que se produciron.

4º.- Reunión en pequeno grupo para realizar unha selección resumida do máis significativo de cada unha das mulleres.

5º.- Presentación e exposición ante o conxunto da clase, empregando tecnoloxía informática, do traballo realizado en grupo pequeno.

6º.- Emprego da plataforma Moodle para a visualización de todo o traballo realizado para compartilo co resto dos compañeiros e compañeiras de ambas as dúas materias.

7º.- O traballo realizado fructificou nunha exposición chamada “A muller nas artes e nas ciencias”, cuxo cartel anunciador podese ver na Fig 1.

8º.- Elaboración dunha páxina Web.



Fig.1. Cartel anunciador da exposición “A muller nas artes e nas ciencias”.

A exposición consta de 15 paneis nos que, por épocas históricas, presentan as principais mulleres que destacaron en diferentes disciplinas. Móstrase un exemplo na

figura 2. Ademais, séguese un código de cores segundo a rama de coñecemento á que pertencen, como se pode apreciar na figura 3.



Fig. 2. Exemplo de panel




Fig. 3. Lenda de cores

Avaliación

Avaliación inicial: a través dela constatamos que o alumnado carecía de coñecementos sobre a existencia de mulleres nas Artes e nas Ciencias ao longo da historia.

Avaliación procesual: realizouse durante a realización de todas as tarefas a través das que comprobamos que o alumnado se sensibilizara ante o traballo proposto. Descubriron que dende Antigüidade ata os noso días os méritos das mulleres nos foron recoñecidos, non porque no existisen ou porque elas nos quixesen, senón por motivos culturais que as agochaban e non as deixaban ser de seo.

O uso das Tics e plataformas virtuais resultou ser un recurso moi valioso, por canto que o alumnado se mostrou máis receptivo e motivado.

Avaliación final: a exposición en power-point e posterior debate serviunos para comprobar os coñecementos adquiridos polo alumnado e o éxito de todo o proxecto.

Avaliación do profesorado. Pola nosa parte, o alumnado avaliou a nosa labor moi positivamente.

Conclusiones

Como conclusión podemos dicir que as achegas feitas polo alumnado evidencian as carencias da poboación estudiantil no tocante a situación das mulleres ao longo da historia.

Porén, tamén se constata que demos un paso cara adiante nese coñecemento, no interese mostrado polo alumnado e no convencemento de que a base está na educación de mulleres e de homes para recoñecer que a igualdade non é unha opción, senón un dereito.

Non obstante, queda moito por facer. O importante é que todos naveguemos no mesmo sentido para ir conseguindo pequenos logros, no que a suma de todos eles fará que a igualdade real chegue a toda a sociedade. Neste sentido, a ferramenta virtual foi un instrumento eficaz para que o alumnado puidese implicarse no obxecto de estudo.

Finalmente, animamos a todos e todas as persoas a traballar en e para a igualdade, a manter o compromiso de liberdade e xustiza ante unha sociedade que limita as mulleres, as posterga, as anula e as exclúe e faga posible aproximarse á memoria destas protagonistas, pioneiras, valentes e capaces, e facelas visibles en pé de igualdade cos seus compañeiros masculinos, tradicionalmente os únicos perceptibles.

Bibliografía

Adell, Jordi y Castañeda, Linda (2010): "Los entornos personales de aprendizaje (PLEs): Una nueva manera de entender el aprendizaje". En R. Roig Vila y F. Fiorucci (Eds.), *Claves para la investigación en innovación y calidad educativas, la integración de las tecnologías de la información y la comunicación y la interculturalidad en las aulas*. Alcoy-Roma: Marfil y Roma TRE Università degli Studi.

Adell, Jordi y Castañeda, Linda (2012): "Tecnologías emergentes ¿pedagogías emergentes?" En Hernández, J. Pennesi, M Sobreino, D. y Vázquez, A., *Tendencias emergentes en educación con tecnología*. Barcelona: Espiral, Educación y Tecnología, pp. 13-32.

Attwell, Graham y Hughes, Jenny (2010): *Pedagogic approaches to using technology for learning: Literature review*. Documento electrónico. Wales: Pontydysgu:

Lifelong Learning UK (LLUK). Accesible en <http://webarchive.nationalarchives.gov.uk/20110404220756/http://www.lluk.org/wp-content/uploads/2011/01/Pedagogical-approaches-for-using-technology-literature-review-january-11-FINAL.pdf>

Chao-Fernández, Rocio (2011): "A marxinação da muller na historia da composición musical", en Méndez Lois et al. *Respostas socioeducativas para a igualdade na escola*, 9-25. Santiago de Compostela: Servicio de publicaciones de la USC.

Chao-Fernández, Rocío y Mato-Vázquez, Dorinda (2014): *As mulleres nas artes e nas ciencias. O xerme da liberdade*. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la UDC.

Farrerons Vidal, Óscar. (2011): *Análisis de la influencia de las tecnologías de la información y la comunicación en el aprendizaje de las técnicas de expresión gráfica en la ingeniería industrial en España*. Tesis doctoral. Barcelona.

Hernández, José; Pennesi, Massimo; Sobrino, Diego y Vázquez, Azucena (coord.) (2011): *Experiencias educativas en las aulas del siglo XXI. Innovación con TIC*. Madrid: Fundación Telefónica-Editorial Ariel. Documento electrónico.

López-Chao, Vicente A.; López-Chao, Andrea M. y Mato-Vázquez, Dorinda (2014): *Propuesta Didáctica de iniciación a la Expresión Gráfica. Didactic Proposal for the initiation in Graphic Expression*. A Coruña: Servicio de publicaciones de la UDC.

Marqués Graells, Pere (2013): "Nuevas metodologías docentes para mejorar la formación y los resultados académicos de los estudiantes". *Padres y Maestros*, 351, pp. 16-21.

Vega, Amando (2004): "Internet para todos: después del año europeo de la discapacidad". *Comunicar*, 22, pp.141-151.

O software libre como vehículo de introdución á perspectiva de xénero

Castro, Laura M.
Departamento de Computación
Universidade da Coruña
lcastro@udc.es

Resumo

O impacto das novas tecnoloxías na vida moderna non ten discusión. Precisamente por iso, resulta preocupante a constatación de que a creación de tecnoloxía ten pouca ou nula perspectiva de diversidade, e por ende, de xénero. Neste traballo presentase o deseño dunha actividade extra-curricular que pretende introducir ao estudiantado da Facultade de Informática da Universidade da Coruña ao concepto de perspectiva de xénero como aproximación ao deseño e construción de software, empregando como ferramenta o software libre.

Palabras chave

Software libre, informática, perspectiva de xénero, inclusión, tecnoloxía

Contexto

Os estudos de Informática na Universidade da Coruña

Os estudos de grao e mestrado en Enxeñaría Informática que actualmente se imparten na Facultade de Informática da Universidade da Coruña non inclúen nos seus plans de estudos ningunha materia na que figure, entre os seus descritores, a perspectiva de xénero. De feito, na Memoria do Grao [1], verificada pola ANECA, a pesar de que se fai unha análise do eido profesional da enxeñaría informática onde se constatan as diferenzas entre os homes e mulleres que a exercen,

"(...) es una profesión que está representada mayoritariamente por hombres (tres de cada cuatro titulados en Ingeniería Informática son hombres, dos de cada tres en el caso de las ingenierías técnicas), dato

relevante si se tiene en cuenta que hoy en día la mayoría de los titulados universitarios son mujeres.”

“Los trabajos son mayoritariamente a tiempo completo, encontrándose porcentajes significativos de contrataciones a tiempo parcial en mujeres.”

“Más de la mitad de los profesionales en informática que trabajan por cuenta ajena fuera de Galicia les gustaría trabajar en Galicia, siendo la principal causa en el caso de los hombres la mejora en la calidad de vida y en el caso de las mujeres las razones familiares.”

“(…) de forma general, los hombres tienen un salario superior al de las mujeres”

non se inclúe a perspectiva de xénero entre as competencias específicas de ningunha materia, nin entre as transversais da titulación. De feito, a palabra «igualdade» non aparece en todo o documento.

Porén, si se fai fincapé en:

Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha **reflexión sobre temas relevantes de índole social**, científica ou ética (competencia básica CB3).

Que os estudantes teñan a capacidade para **analizar e valorar o impacto social e medioambiental das solucións técnicas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional** da actividade do/a Enxeñeiro/a Técnico/a en Informática (competencia xeral 11).

Que os estudantes teñan a capacidade para **planificar, concibir, despregar e dirixir proxectos, servizos e sistemas informáticos** en todos os ámbitos, liderando a súa posta en marcha e a súa **mellora continua e valorando o seu impacto económico e social** (competencia específica C2).

Que os estudantes teñan a capacidade para **deseñar solucións apropiadas** en un ou mais dominios de aplicación **utilizando métodos da enxeñería do software que integren aspectos éticos, sociais, legais e económicos** (competencia específica SE6).

Isto é, as intencións de que os futuros profesionais da informática sexan sensibles ás repercusións que as tecnoloxías teñen no día a día das sociedades modernas están claramente recollidas en varias das competencias que deben adquirir, malia que esta intención non cristalizara na asignación de competencias a materias específicas relacionadas coa diversidade ou a perspectiva de xénero.

Actividades extra-curriculares na Facultade de Informática da Universidade da Coruña

A Facultade de Informática é sé da asociación GPUL, que aglutina a estudantado e profesorado do centro implicado en fomentar o coñecemento e uso do software libre, isto é, o software con licenza libre, que permite:

- o seu uso libre, con calquera propósito
- estudar como funciona, e modificalo para adaptalo ás propias necesidades
- distribuír copias
- distribuír copias das posibles modificacións realizadas nel

A pesar da sintonía clara que se pode establecer entre a filosofía que subxace ao software libre e os valores e capacidades de responsabilidade social das persoas tituladas en Enxeñaría Informática pola UDC expostos no apartado anterior, tampouco existen no plano de estudos materias específicas relacionadas co software libre. Porén, a sensibilidade do profesorado neste apartado é maior, constatándose un amplo uso de software con este tipo de licenzas como ferramentas vehiculares nun gran número de materias de todos os cursos.

Toda vez que a utilización como ferramenta non garante a transmisión dos valores de liberdade inherentes ás licenzas libres, GPUL organiza, durante o curso académico, xornadas de divulgación das tecnoloxías de Software e Hardware Libres, e de Cultura Libre en xeral, denominadas «Os Xoves Libres» [2]. Estas xornadas inclúen todo tipo de actividades, desde charlas divulgativas até obradoiros prácticos, e aínda que se publicitan sobre todo entre o estudantado do centro, pode asistir tamén profesorado, e persoas doutros centros.

Introdución da perspectiva de xénero como actividade extra-curricular

Obxectivos

Este traballo propón a incorporación da perspectiva de xénero aos contidos aos que o estudiantado da Facultade de Informática da Universidade da Coruña resulta exposto como parte das actividades extra-curriculares que se celebran no centro. Ademais, considerando o éxito das xornadas relacionadas co software libre, e entendendo a sintonía coa súa promoción non só como ferramenta utilitaria senón como vehículo responsable que do software libre fan as xornadas organizadas polo GPUL, propónse aproveitar as dinámicas xa creadas para introducir a perspectiva de xénero.

Os obxectivos concretos estrutúranse en dous eixos:

- **Visibilización da perspectiva de xénero na construción da tecnoloxía.** Con frecuencia, utilízase o argumento de que a tecnoloxía – a ciencia en xeral – é unha área de coñecemento humano «neutra por definición», e polo tanto constitúe un eido no que non é preciso intervir cando se fala de igualdade entre homes e mulleres. Porén, a análise da construción de software desde unha perspectiva de xénero [3, 4, 5, 6, 7] pon de manifesto de xeito evidente o carácter androcéntrico deste, algo que resulta crítico nunha sociedade en que, cada vez mais, persoas de todas as idades e contextos sociais interactuamos co software no desenvolvemento das nosas actividades cotiás, profesionais e persoais. Consecuentemente, o estudiantado da Facultade de Informática, como futuros profesionais e creadores de tecnoloxía en xeral e software en particular, precisan familiarizarse coa perspectiva de xénero, para poderen interiorizar a súa responsabilidade como creadores, e analizar e valorar o impacto social das súas solucións e produtos.
- **Visibilización do software libre como ferramenta para a construción de tecnoloxía inclusiva.** Dado que o software libre garante as liberdades de estudar e modificar a construción dos programas, e mais de distribuír versións modificadas dos mesmos, resulta chave na intervención e introdución da perspectiva de xénero, que pode ser realizada por terceiras persoas interesadas se non se contempla como requisito inicial.

Contidos e metodoloxía

Proponse a seguinte estrutura para a actividade:

1. Introdución do concepto de perspectiva de xénero no eido das TIC
2. Intervención desde a perspectiva de xénero en proxectos de software libre
3. Reflexión e valoración da actividade

A primeira parte presentará a motivación da actividade, tratando de motivar ás persoas asistentes a reflexionar criticamente sobre:

- o papel da tecnoloxía na construción de sociedades mais igualitarias, como vehículo de expresión da cidadanía, como ferramenta de traballo, como instrumento de ocio;
- a situación actual dos estudos de enxeñaría en informática, a moi desigual presenza de mulleres e homes no alumnado e no profesorado, as repercusións diso na sociedade, e na propia tecnoloxía;
- a necesidade/vontade de ser partícipes da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos software na que nos involucremos, como parte da responsabilidade que nos outorga ser profesionais do eido.

A segunda parte enlazará a vontade de participación coa oportunidade que o software con licenza libre nos proporciona, dun xeito práctico. Dependendo do número de asistentes, organizaranse grupos e proporanse diferentes exemplos de aplicacións libres nas das que facer unha análise baixo a perspectiva de xénero. Ofreceráse unha guía das características a analizar, fundamentalmente baseada en [3], e procederáse ao traballo libre coa asistencia do profesorado.

Finalizada a segunda parte, adicarase unha última a reflexionar en común, coa participación das persoas asistentes, sobre a actividade realizada, as leccións extraídas, a aplicabilidade no seu traballo futuro, etc.

Análise

De cara a avaliar o impacto da proposta, atopámonos coa incerteza de que, a priori, sempre é moi difícil predicir o número de asistentes que vai ter calquera

iniciativa presentada baixo «Os Xoves Libres». Desde GPUL faise un moi bo labor de promoción, coa debida antelación e a difusión de anuncios (tanto en formato dixital, en diferentes plataformas –web, redes sociais–, como en forma de carteis en lugares visibles e consistentes no tempo). Con todo, a asistencia final pode depender moito da predisposición previa de cada individuo. A elección dun título para a charla suficientemente rechamante e/ou provocador pode ser un bo catalizador.

O aspecto mais positivo é que se trata dun ciclo de actividades que xa conta con algo de traxectoria, e polo tanto xa é coñecido polo estudantado. Porén, a asistencia vese con frecuencia afectada pola coincidencia temporal con actividades académicas de carácter obrigatorio, como poden ser entregas de prácticas, exames parciais... Este tipo de obrigas académicas son moi difíciles de prever, aínda que o final do cuadrimestre adoita ser particularmente problemático, e o inicio, normalmente, menos.

Sen dúbida o impacto sería maior no caso de que o seminario se incluíse entre os impartidos ao estudantado que realiza o TFG, xa que isto aseguraría que todas as persoas graduadas en Enxeñaría en Informática pola UDC terían exposición á perspectiva de xénero nas TIC antes de iniciar a súa vida profesional.

Outras iniciativas

Sería de interese propoñer que o seminario formase parte das charlas que se imparten ao estudantado que se matricula no Traballo de Fin de Grao. Actualmente, impártenselles outros seminarios coma:

- *“Redacción e presentación de TFG”*
- *“Propiedade Intelectual e Licenzas de Software”*
- *“Orientación na búsqueda de emprego e creación da marca persoal”*

A asistencia a estes seminarios non é obrigatoria, pero desde que se implantou o grao é exercida por unha importante porcentaxe das persoas matriculadas en TFG. A inclusión desta actividade como parte desa formación podería, ademais, constituír un primeiro paso de cara a que se teña en conta, formalmente, a perspectiva de xénero como criterio de avaliación dos devanditos TFG (como xa ocorre con contidos impartidos no seminario *“Redacción e presentación de TFG”* relativos á estrutura da memoria e da presentación).

Como complemento a esta actividade fundamentalmente dirixida ao estudantado, poderíase asesorar a profesorado que queira incorporar/estender os contidos das súas materias desde a perspectiva de xénero. A tal fin, sería de utilidade o establecemento dun punto de encontro coordinador destes esforzos dentro da facultade. Por suposto, tanto este extremo como o anterior deberán contar necesariamente co apoio do equipo decanal para poder levarse a cabo

Conclusiones

O software libre ten potencial para ser unha gran ferramenta de cambio social, especialmente se se pon ao servizo ou se emprega en colaboración con reivindicacións coma a perspectiva de xénero, ou a diversidade nas súas numerosas vertentes. Neste traballo, propúxose unha actividade extra-curricular que ten como obxectivo expoñer ao estudantado da Facultade de Informática da Universidade da Coruña ao concepto de perspectiva de xénero, de xeito que, ao contextualizarse de man do software libre, a exposición non sexa unicamente teórica senón que inclúa tamén unha parte activa e práctica. O aproveitamento das dinámicas xa existentes no centro en relación a actividades deste tipo, e a innegable relevancia deste tipo de formación para os futuros profesionais do sector, son os puntos fortes desta proposta.

Bibliografía

Memoria do Grao en Enxeñaría Informática pola UDC. Facultade de Informática, Universidade da Coruña. http://www.fic.udc.es/files/24137/24137MODIFICACION_GRAO_INFORMATICA.pdf Consultado: 05/05/2016.

Os Xoves Libres. Grupo de Programadores e Usuarios de Linux. <http://gpul.org/node/18252> Consultado: 05/05/2016.

Elaboración de webs con perspectiva de género. Instituto Andaluz de la Mujer. Con-sejería para la Igualdad y Bienestar Social. https://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/institutodelamujer/ugen/sites/default/files/documentos/Cuaderno_Webs_12.pdf Consultado: 05/05/2016.

Claves no sexistas para el desarrollo de software. Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

http://www.e-igualdad.net/sites/default/files/Claves_no_sexistas_1.pdf Consultado: 05/05/2016.

Yuwein, Lin (2006): *A techno-feminist view on the Open Source Software development*. University of Salford, Manchester, UK. Encyclopedia of Gender and Information Technology, pp. 1148-1153. <http://usir.salford.ac.uk/12968/> Consultado: 05/05/2016.

Allhutter, Doris. *Software Design: a deconstructivist feminist approach*. Austrian Academy of Sciences, Institute of Technology Assessment. <http://www.ics.uci.edu/~jen/Papers/Allhutter.pdf> Consultado: 05/05/2016.

Bath, Corinna (2009): *Searching for methodology: Feminist technology design in computer science*. 5th European Symposium on Gender & ICT. http://www.informatik.uni-bremen.de/soteg/gict2009/proceedings/GICT2009_Bath-geloesch.pdf Consultado: 05/05/2016.

Divulgación de la investigación biomédica desde la perspectiva de género

Magalhães, Joana

Grupo de Reumatología

Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)

Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER)

joana.cristina.silva.magalhaes@sergas.es

Fernández Burguera, Elena

Grupo de Reumatología

Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)

Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER)

elena.fernandez.burguera@sergas.es

Poveda, Eva

Grupo de Virología Clínica

Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)

eva.poveda.lopez@sergas.es

Blanco, Francisco J.

Grupo de Reumatología

Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)

fblagar@sergas.es

Resumen

“Biomedicina con y para la Sociedad” y “Científicas en Biomedicina” son dos proyectos de divulgación científica con los que se pretende incrementar la cultura científica, tecnológica e innovadora del ámbito biomédico y potenciar la figura de la mujer científica a lo largo de su carrera. Consisten en el diseño y creación de instrumentos y acciones divulgados a través de los medios de comunicación, involucrando de forma conjunta a las comunidades científica y educativa de un mismo entorno social. *1 minuto de Biomedicina*, es una miniserie de cortos

audiovisuales destinada a la comprensión de conceptos científicos emergentes relacionados con la biomedicina, en el que participan jóvenes científicas, eliminando falsos estereotipos sobre las mismas. *Salud con Biomedicina* es un programa de radio que cuenta con su segunda edición en el que mujeres científicas, tecnólogas e innovadoras del ámbito biomédico explican cómo los avances de su trabajo repercuten en la salud de los pacientes. Finalmente, *Cápsulas de Son* es una miniserie de radio destinada a la promoción de las mujeres científicas nacionales e internacionales y sus extraordinarias aportaciones en la biomedicina a través de cuentos con valor literario. Se editaron 2 libros electrónicos interactivos que pueden ser utilizados como complementos didácticos y educativos.

Palabras clave

Biomedicina, carrera científica, STEM, medios de comunicación

Introducción

En uno de estos retos sociales a los que se enfrenta actualmente nuestra sociedad definido como “Salud, cambio demográfico y bienestar”, la investigación en el ámbito sanitario denominada investigación biomédica, es un instrumento clave para fomentar el estado de bienestar. El avance continuo de la investigación biomédica y su aplicación en el diagnóstico, la prevención y tratamiento de enfermedades es, indudablemente, fruto del trabajo de muchos profesionales en un ámbito multidisciplinar en el que convergen la medicina, la biología, las ingenierías o las matemáticas, entre otras. Por lo tanto, hemos pasado de una investigación biomédica tradicionalmente relacionada con profesiones asistenciales a incorporar otro tipo de áreas como las STEM (*Science, Technology, Engineering and Mathematics*), generando sinergias que revierten de forma directa en mejoras para el seguimiento clínico de los y las pacientes.

Según diferentes estudios predictivos, las profesiones STEM son las ocupaciones con mayor previsión de crecimiento en los próximos años. En un ámbito de investigación biomédica, estas profesiones integradas en los sistemas sanitarios y asistenciales deben de constituir un motor de desarrollo económico y social, contribuyendo a la creación de riqueza para mejorar la calidad y la expectativa de vida de los ciudadanos. (ISCIII, 2012) En los últimos años se ha observado una preocupante disminución en el número de estudiantes que optan por itinerarios formativos relacionados con

competencias STEM a nivel Europeo y en EEUU. Esta tendencia es aún más alarmante en el caso de las niñas en comparación con los niños (Eurostat, 2013).

A niveles formativos de estudios universitarios, a pesar de que hoy en día las mujeres son mayoría entre el alumnado y terminan sus carreras de manera más exitosa que sus compañeros, es cierto que ciertas ramas del conocimiento, como las STEM, se resisten aún a la participación femenina. Esto también ocurre a nivel de doctorado, las mujeres han alcanzado o sobrepasado a los hombres en casi todos los campos, excepto en las ingenierías y ciencias exactas y naturales.

Es de destacar que en España la proporción de doctoras en ingenierías, ciencias, matemáticas y computación se ha incrementado, aunque persiste una importante concentración de mujeres en campos tradicionalmente femeninos. En educación y la salud, el patrón español es similar al europeo con porcentajes significativamente por encima de la media, con un 60% de doctoras para el primero y un 56 % en el segundo. (MINECO, 2014) A pesar de que ha aumentado el número de mujeres que termina favorablemente la etapa pre-doctoral, esta sigue siendo un punto clave en el que las mujeres empiezan a desaparecer de las carreras científicas, produciéndose lo que se llama de efecto "tijera".

Las desigualdades en el ascenso de las mujeres en la carrera investigadora se evidencian con el índice de techo de cristal, más elevado en áreas de ingeniería y tecnología. En los escalones más altos de la carrera científica y empresarial, el número de mujeres está prácticamente estancado y no refleja en absoluto el número de mujeres preparadas, con antigüedad y méritos suficientes para acceder a esos puestos.

Esta tendencia también se verifica en campos de investigación biomédica integrada en sistemas sanitarios y asistenciales. El análisis de la actividad científica en el sistema sanitario público gallego viene a señalar una brecha en lo que se refiere al número de mujeres autoras de publicaciones (40%) en relación a hombres (60%), que aumenta cuando se compara el número de investigadoras principales (22% vs. 78%). Esta brecha aumenta cuando se compara la diferencia de género en relación a la titulación (Xunta de Galicia, 2005).

En términos globales, en España, aunque el número de científicas ha aumentado, a nivel de integración vertical encontramos segregación y concentración de las mujeres en los puestos con menor retribución, prestigio y estabilidad profesional.

La igualdad efectiva de las mujeres en los sistemas de ciencia y tecnología, es por lo tanto, una cuestión de gran importancia para el efectivo desarrollo económico y social. (MICINN, 2010; OECD, 2011) Si tenemos en cuenta la previsión de las profe-

siones STEM y la brecha de género actual existente, tanto a nivel educativo como en I+D+i, es evidente que necesitamos estrategias que potencien el aprovechamiento de la totalidad del talento femenino disponible.

La última “Encuesta de Percepción Social de la Ciencia”, de la Fundación Española para la Ciencia y para la Tecnología, revela que entre las principales asociaciones a la ciencia encontramos por una parte innovación/investigación, en mayor medida por efecto de las mujeres, y por otra medicina/salud/tratamiento, por efecto de las mujeres de 25 a 34 años y de más de 64 años, con nivel formativo básico. Sin embargo, cuando se comparan temas de ingeniería, ordenadores/tecnología, la asociación espontánea por mujeres es inferior a la de los hombres (FECYT, 2015).

Estos hechos pueden estar relacionados a que en el área de salud, a nivel asistencial, existe una fuerte presencia de profesionales del género femenino, aunque es cierto que hay un elevado desconocimiento de cómo se pueden aplicar las materias STEM en campos relacionados con la salud, como la investigación biomédica, y qué tipo de trabajo realizan sus profesionales.

Sería por lo tanto necesario crear instrumentos y acciones que fomenten el entendimiento de la aplicación de competencias STEM en la actividad investigadora en centros de investigación biomédica integrados en sistemas sanitarios y asistenciales y por lo tanto su utilidad social. Para ello es también fundamental potenciar la figura de la mujer científica biomédica en las diferentes etapas de su carrera para crear referentes de este colectivo con los que motivar a las jóvenes.

Estos indicadores justifican la necesidad de avanzar en la promoción del papel de la mujer científica, tecnóloga e innovadora del ámbito biomédico en la sociedad y a la vez fomentar vocaciones científicas en las niñas jóvenes a través del contacto directo con estos referentes de excelencia. Por lo tanto el objetivo principal de este trabajo es diseñar y promover actividades entretenidas, a través de los medios de comunicación, enriquecidas con contenidos científico-técnicos, en ámbitos STEM, representando referentes femeninos de excelencia y explorando su potencial para reducir estereotipos negativos y potenciar los positivos.

Metodología

Durante los años 2015-2016 hemos producido una miniserie televisiva, una sección radiofónica constituida por entrevistas y una miniserie de radio que se describen a continuación:

1 MINUTO DE BIOMEDICINA. Miniserie televisiva de 13 episodios con duración de 1 minuto. El casting se promocionó a través de prensa, redes sociales y páginas corporativas dirigido a no profesionales: estudiantes universitarios, jóvenes investigadores y a la comunidad educativa infantil. Se realizó un cuestionario para averiguar el interés de las personas participantes en el programa. La miniserie se emitió a diario en una cadena televisiva local y plataformas *online*. Se editó un libro interactivo complementario a la miniserie con textos divulgativos escritos por expertos y expertas invitados.

SALUD CON BIOMEDICINA. Sección de entrevistas de radio a mujeres científicas, tecnólogas e innovadoras de excelencia en el ámbito biomédico incorporadas en programas de máxima actualidad. Las entrevistadas explicaron cómo los avances en su trabajo repercuten en la prevención, diagnóstico y tratamiento de enfermedades, y por lo tanto, en la salud y calidad de vida de la ciudadanía.

CÁPSULAS DE SON. Miniserie radiofónica de 13 episodios con duración de 2 minutos, en los que se ofrecen cuentos con valor científico-literario con una perspectiva histórica de la mujer en la biomedicina, fomentando valores de movilidad, multidisciplinarietà e igualdad de género. Los cuentos se han recopilado en un libro electrónico ilustrado.

Resultados

La brecha de género en áreas STEM en un determinado país está significativamente relacionada con los estereotipos de la ciudadanía frente a la ciencia. (Nosek, 2009) Además, algunos trabajos confirman que las aspiraciones profesionales están influenciadas por los padres, además de la valoración del profesorado, la influencia de los iguales y de amistades y de los medios de comunicación (Bandura, 2001; Dewitt, 2013).

En una encuesta de consumo de medios y actitudes cívicas, el 44% de las personas adultas identifica la televisión como el mayor influyente, solamente por detrás de la experiencia personal (45%). Por lo tanto, su poder es inmenso a la hora de mejorar la percepción social de las mujeres en la ciencia. De hecho, la visualización de mujeres de excelencia en los medios de comunicación ha disminuido auto-percepciones negativas de mujeres, así como ha disminuido estereotipos falsos y negativos en la sociedad en general (Davies 2002).

Por lo tanto ofrecer actividades a través de los medios de comunicación, enriquecidas con contenidos científico-técnicos, en ámbitos STEM, representando referentes

femeninos de excelencia, tiene el potencial de incrementar la cultura científica, tecnológica e innovadora del ámbito biomédico a partir de una perspectiva de género y despertar vocaciones científicas en niñas.

Para ello en las diferentes actividades de este trabajo hemos involucrado de forma conjunta el colectivo femenino de la comunidad científica en diferentes etapas de su carrera y la comunidad educativa y social de un mismo entorno, aumentando su impacto global a través de los medios de comunicación.

En *1 minuto de Biomedicina*, una miniserie de cortos audiovisuales, destinada a un público infantil, científicos y científicas jóvenes explican a niños y niñas conceptos de biomedicina de forma dinámica y divertida, promocionando una visión atractiva de la ciencia. Además, al involucrar la figura de jóvenes investigadores se pretendió también captar la atención del público juvenil y eliminar falsos estereotipos sobre científicos y científicas.

La producción de la miniserie está planteada como un instrumento educativo. En el casting se promovió la participación de científicas en etapas tempranas de su carrera, con el fin de que adquieran conciencia divulgadora, algo de lo que carecen durante su formación y dotarlas de experiencia curricular en divulgación. El casting infantil fue publicitado por la prensa especializada en este público. De esta forma se promovió el contacto directo del colectivo investigador biomédico gallego con su entorno educativo para conseguir despertar el interés y la curiosidad por la biomedicina a través de los medios de comunicación.

Contamos con una afluencia de 60 personas, de las cuales 14 fueron científicas (JC) y 17 niñas (N). De ellas, más del 85% expresaron su motivación científica y más del 90% por el medio audiovisual. El 5% JC había participado alguna vez en un casting frente al 33% N. Además, el 61% JC había participado en actividades de divulgación científica frente al 25% N. El impacto global de la miniserie en redes sociales y televisión fue de más de 150.000 espectadores.

En el programa de radio *Salud con Biomedicina* se dieron a conocer 26 mujeres de excelencia en etapas senior en biomedicina fomentando referentes cercanos. Se difunden nuevas técnicas, nuevos productos, nuevas terapias, entre otros, que permiten a la sociedad un mayor entendimiento de las mismas y como diferentes equipos nacionales están trabajando integrados en sistemas sanitarios revirtiendo de forma directa en mejoras para el seguimiento clínico de los pacientes.

La miniserie *Cápsulas de SoN* de cuentos con valor científico-literario, permite llevar a las familias, conceptos y descubrimientos científicos en biomedicina y distintos perfiles de científicas desde una perspectiva histórica a nivel mundial. Se trata de una estrategia de uso en un medio de comunicación de masas para acercar creaciones de ficción con contenido científico y con los elementos femenino e infantil, a la sociedad. Está orientado para cautivar de una forma entretenida y educativa a los colectivos que representan. Ha generado más de 60.000 interacciones en las redes sociales.

Los libros interactivos sirven como valiosos complementos didácticos para la enseñanza secundaria así como para la formación del propio profesorado. (Magalhães, J. et al, 2015; Espinosa, E. 2015)

Conclusiones

Concluimos que con estas actividades se obtuvieran métodos eficaces para incrementar la cultura científica, tecnológica e innovadora del ámbito biomédico desde la perspectiva de género. Al potenciar la figura de las mujeres científicas, tecnólogas e innovadoras en biomedicina estamos contribuyendo a la Visión Estratégica del Espacio Europeo de Investigación, que marca un objetivo claro para el año 2030, como el momento en el cual la mitad de los científicos, la mitad de todos los responsables de la política científica, en todas las disciplinas, y en todos los niveles, serán mujeres.

Agradecimientos

“Biomedicina com y para la Sociedad” (FCT-14-9175) y “Científicas en Biomedicina – una carrera de fondo” (FCT-15-9677) están financiados por la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)– Ministerio de Economía y Competitividad. Colaboran CIBER-BBN, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Red Gallega de Biomateriales, Fundación la Caixa y AMIT. CIBER-BBN es una iniciativa del ISCIII.

Bibliografía

ISCIII (2012): *Plan Estratégico del Instituto de Salud Carlos III 2013-2020*. ISCIII, Madrid.

FECYT (2015): *VII Encuesta de percepción social de la ciencia*. FECYT, Madrid.

Eurostat (2013): *Tertiary Education Participation*. Eurostat.

MINECO (2014): *Científicas en Cifras 2013. Estadísticas e indicadores de la (des) igualdad de género en la formación y profesión investigadora*. MINECO, Madrid.

Xunta de Galicia (2005): *Análise da actividade de investigación no sistema sanitario galego de saúde*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Ministerio de Ciencia e Innovación (2010): *Libro Blanco. Situación de las Mujeres en la Ciencia Española*. UMYC. Ministerio de Ciencia e Innovación, Madrid.

OECD (2011): *Report on the Gender Initiative: gender equality in education, employment and entrepreneurship*. OECD.

Nosek, Brian A., et al. (2009): "National differences in gender-science stereotypes predict national sex differences in science and math achievement". *Proc Natl Acad Sci USA*, 106, pp. 10593-10597.

Bandura, Albert; Barbaranelli, Claudio; Vittorio Caprara, Gian; Pastorelli, Concetta (2001): "Self-efficacy beliefs as shapers of children's aspirations and career trajectories". *Child Development*, 72, pp. 187-206.

Dewitt, Jennifer; Archer, Louise; Osborne, Jonathan (2013): "Science-related aspirations across the primary-secondary divide". *International Journal of Science Education*, pp. 37-41.

Davies, Paul G. et al. (2002): "Consuming images: how television commercials that elicit stereotype threat can restrain women academically and professionally". *Personality and social psychology Bulletin*, 28: pp.1615-1628.

Magalhães Joana, et al. (2015): 1 minuto de Biomedicina. Relatos Científicos., CIBER, Madrid.

Espinosa, E. et al. (2015): Cápsulas de SoN, CIBER, Madrid.

Área.

Dinámicas de xénero na aula

*Coordinada
pola Unidade de
Igualdade da
Universidade de Vigo*



Boas prácticas na materia de Socioloxía da actividade física e do deporte: un exemplo das “Prácticas de aula”

Mosquera González, María José
Departamento de Educación Física e Deportiva
Universidade da Coruña
maria.jose.mosquera@udc.es

Resumo

A comunicación explica un exemplo das “Prácticas de aula” (semanais, de 90 minutos e en grupos reducidos) que se fan na materia de Socioloxía da Actividade Física e do Deporte. Neste caso presentase a práctica sobre os “roles hexemónicos”.

Para organizar a asignatura tómase como fío condutor a definición de “feitos sociais” de Durkheim (1974): maneiras de obrar, de pensar e de sentir que existen con independencia das consciencias individuais, o que significa que estamos a falar de modelos culturais e tamén de roles.

A perspectiva da materia é macro, e o obxectivo é identificar eses modelos culturais na sociedade e no deporte, polo tanto, unha vez que se explica a Durkheim, como un dos clásicos da Socioloxía, aplicamos a súa definición á cultura de xénero a través da “Práctica de Aula” sobre os roles hexemónicos. Nos temas posteriores introducimos tamén o xénero: nacemento do deporte moderno, postmodernidade de resistencia e decadencia (violencia no deporte, acoso escolar e violencia de xénero), socialización de xénero (machismo, feminismo e estratexias de discriminación positiva) e hábitos deportivos da poboación.

Para contextualizar a docencia hai que dicir que os estudos están masculinizados (nalgúns cursos o 76% son homes) e nos subgrupos danse casos en que só hai unha alumna.

Palabras chave

Cultura de xénero, cultura deportiva, roles hexemónicos, ensino superior, dinámicas na aula.

A comunicación explica un exemplo das “Prácticas de aula” (semanais, de 90 minutos e en grupos reducidos) que se fan na materia de Socioloxía da Actividade Física e do Deporte. Neste caso preséntase a práctica sobre os “roles hexemónicos”.

Para organizar a asignatura tómase como fío condutor a definición de “feitos sociais” de Durkheim recollida no libro *Las reglas del método sociológico* publicado en 1895: maneiras de obrar, pensar e sentir que existen con independencia das consciencias individuais, polo tanto non só son modelos exteriores ao individuo, senón que están dotados dun carácter sancionador que o condicionan (Durkheim, 1974). Isto significa que estamos a falar de modelos culturais e que a sociedade utiliza sancións e/ou recompensas para transmitirlos, reproducilos e mantelos xeración tras xeración.

A perspectiva da materia é macro, e o obxectivo é identificar eses modelos culturais na sociedade e no deporte, polo tanto, unha vez que se explica a Durkheim, como un dos clásicos da Socioloxía, aplicamos a súa definición á cultura de xénero e a traballamos a través da “Práctica de Aula” sobre os roles hexemónicos. En todos os temas posteriores introducimos o xénero e aplicamos a aportación de Durkheim: nacemento do deporte moderno, postmodernidade de resistencia e de decadencia (violencia no deporte, acoso escolar e violencia de xénero), socialización de xénero (machismo, sexismo, feminismo e estratexias de discriminación positiva) e hábitos deportivos da poboación.

Para contextualizar a docencia hai que dicir que os estudos están masculinizados (nalgúns cursos o 76% son homes) e nos subgrupos danse casos en que só hai unha alumna.

Centramos esta comunicación na “Práctica de Aula” sobre os roles hexemónicos que ten o seguinte enunciado: *“Maneiras de obrar de pensar e sentir dos homes e das mulleres sobre tarefas domésticas, deporte, fútbol e relacións afectivas”*.

	Homes	Mulleres
Tarefas domésticas	Obrar..... Pensar e sentir.....	Obrar..... Pensar e sentir.....
Deporte	Obrar..... Pensar e sentir.....	Obrar..... Pensar e sentir.....
Fútbol	Obrar..... Pensar e sentir.....	Obrar..... Pensar e sentir.....
Relacións afectivas	Obrar..... Pensar e sentir.....	Obrar..... Pensar e sentir.....

O obxectivo da práctica é que o alumnado traballe a perspectiva macro, que sexan capaces de identificar os modelos sociais de xénero en diferentes ámbitos. Esta tarefa de entrenar a visión macro sempre resulta complicada, de aí que ante a pregunta sobre como son as maneiras de obrar, de pensar e de sentir dos homes e das mulleres, a resposta do alumnado sempre sexa a mesma: "depende". Neste caso, a resposta da profesora tamén sempre é a mesma: "si, depende, todas as persoas somos distintas, pero hai un modelo que herdamos e temos que identificalo".

Os ámbitos nos que estudamos a cultura de xénero e os roles hexemónicos son catro:

- A vida doméstica e os criterios para o reparto de tarefas.

Esta categoría permítenos falar de diferentes ocupacións, de distintos tempos, de dobres xornadas, de dispoñibilidade ou non de tempo libre para facer actividade física ou deporte, de remordementos por mar-

char a facer deporte ou ausencia dos mesmos, etc. Trátase de pensar qué tarefas se lle concederon tradicionalmente ás mulleres e cáles se lle asignaron ós homes.

As reflexións permiten que cada persoa analice a súa vida, a súa familia, a convivencia nos pisos de estudantes, as súas maneiras de obrar, pensar e sentir; si o fan conscientemente ou por presión social, porque é o que as demais persoas esperan deles e delas. Neste ámbito pasamos do micro (a experiencia de cada persoa) a unha perspectiva macro (o modelo que herdamos na sociedade).

- Deporte.

Este indicador é macro, ou “super macro”, xa que hai que facer un exercicio de abstracción importante para decidir a quen se lle outorga o mundo do deporte. Sabemos na teoría que o deporte é para todas as persoas, pero na realidade non é así, o deporte feminino é máis invisible, cobran menos, teñen menos oportunidades de promoción, de ser profesionais, etc. E tampouco todos os deportes reciben a mesma atención, están os catalogados como minoritarios.

Co nacemento do deporte moderno (Mandell, 1984), o deporte convértese nun mundo masculino no que as mulleres están excluídas, pois os homes non soportan a súa presenza (Mosquera e Puig (2009), só van poder estar como espectadoras. Polo tanto, o deporte vai ser “medio de pertenza” para os homes e “medio de referencia” para as mulleres (Mosquera, 2014). Si elas queren entrar no mundo do deporte deben re-socializarse, transformar as súas maneiras de obrar, pensar e sentir en feminino e reconvertelas á cultura do deporte que é masculina. Os homes, pola contra, non deben facer ningún esforzo engadido, o deporte é o seu mundo.

- Fútbol.

Neste caso traballamos a perspectiva macro cando nos preguntamos de quen é o fútbol, pero tamén nos serve para introducir o tema de que os deportes teñen asignadas etiquetas de xénero: “o fútbol é cousa de homes” e a ximnasia rítmica e a natación sincronizada son cousa de mulleres. Polo tanto introducimos a masculinidade e a feminidade no deporte (Piedra, 2015)

Afortunadamente, a evolución da sociedade da modernidade a postmodernidade (Montero e Mosquera, 2001) posibilita que a apertura tamén se traslade ao deporte. Por este motivo, os homes conseguen en 2005 que a Real Federación Española de Ximnasia lles permita competir a nivel nacional, pero con limitacións, aínda que no 2009 volven ser excluídos. Só as presións sociais posibilitan que se organice o primeiro Campionato de España masculino (Vázquez Pardal, 2014). Os cambios tardaron máis na natación sincronizada: houbo que esperar ata o mundial de natación de Kazán de 2015 para que se aceptara a participación de parellas mixtas; Genma Mengual e Pau Rives ocuparon o quinto posto.

- Relacións afectivas.

Con esta dimensión pretendemos que o alumnado reflexione sobre a influencia da sociedade nas súas emocións, nas maneiras de exteriorizar os afectos, etc. Que entendan que mentres que o rol hexemónico feminino entrena a tenrura e a sensibilidade, o masculino potencia a ocultación das emocións e da empatía (Mosquera, 2014), utilizando o cuestionamento da masculinidade como sanción para os homes: "non chores que parece unha nena" e da feminidade nas mulleres: "pareces un marimacho". Na mesma liña, a sociedade constrúe unha dobre moral cando non sanciona da mesma forma que un home ou unha muller teñan varias relacións á vez.

Conclusiones

Dende un punto de vista dos contidos da materia, esta sesión permítenos introducir dunha maneira práctica, a través das aportacións de cada estudante, os seguintes conceptos sociolóxicos: diferenzas entre sexo e xénero, estereotipos, roles hexemónicos, medio de pertenza e de referencia.

Dende a perspectiva da sensibilización e concienciación, e do descubrimento da realidade do xénero como construción social, atopamos varias reaccións:

- A crenza xeneralizada de que os roles hexemónicos de xénero xa non existen, que desapareceron, pensan que agora as parellas comparten. Ao final queda claro que as tarefas domésticas están repartidas e diferenciadas e sempre hai algún comentario referido a que as mulleres, por parir, están máis preparadas para atender ás *crianzas*; ante isto algunhas alumnas protestan.

- De principio, tamén manifestan que o deporte é de todas as persoas. Só algúns casos, máis as alumnas, perciben que esta realidade aínda permanece e recoñecen que elas viviron situacións de discriminación, sobre todo cando traballamos a categoría do fútbol: comentan os casos de que non as deixaban xogar no recreo e que aínda que eran mellores que os seus compañeiros non recibían o balón en todas as ocasións que debían pasarlles.
- O rexeitamento da existencia dos roles de xénero xera certas actitudes agresivas, alterase a orden da clase, hai vehemencia nas posicións, etc. Esta postura, de principio, dificulta a comunicación entre o alumnado e coa profesora. De todas formas é un tempo curto que da paso a un debate máis sosegado. E tamén é unha situación que nos permite reflexionar sobre as súas reaccións.
- Sempre hai un grupo importante de alumnos homes que se senten atacados, ademais das intervencións verbais, a comunicación non verbal denota que están nerviosos, cambian de postura a miúdo, non falan pausadamente, levantan e axitan os brazos para falar, incorporan o corpo, etc.
- Aínda que finaliza a sesión continúan falando dos temas fora da aula, na cafetería, nos pisos que comparten, etc. tal como comentan o día seguinte.
- Co tempo, as emocións se asentan e o transcurrir do cuatrimestre permite que o concepto de xénero e os roles hexemónicos se asimilen e interioricen con máis profundidade e o rexeitamento inicial vaia desaparecendo.
- A seguinte cuestión a respostar é: ¿qué facer, que maneiras de obrar, pensar e sentir hai que cambiar?

Bibliografía

Durkheim, Emile (1974): *Las reglas del método sociológico*, Morata, Madrid.

Mandell, Richard (1984): *Historia cultural del Deporte*, Ediciones Bellaterra, Barcelona.

Montero, Antonio e Mosquera, María José (2001): "Evolución de las prácticas deportivas en las sociedades modernas/postmodernas", en FES: *VII Congreso Español de Sociología. Convergencia y divergencias en la sociedad global*. Federación Española de Sociología. Salamanca. CD.

Mosquera, María José e Puig, Nuria (2009): "Género y edad en el deporte" en García Ferrando, Manuel, Puig, Nuria, Lagardera, Francisco (Comps): *Sociología del Deporte*. Alianza Editorial, Madrid. (99-133)

Mosquera, María José (2014): "¿Las mujeres no hacen deporte porque no quieren? ¿Los hombres practican el deporte que quieren?. El género como variable de análisis de la práctica deportiva de las mujeres y de los hombres" en Mosquera, María José (Coord): *IV Ciclo de conferencias: Xénero, Actividade Física e Deporte (2012-2013)*. Servizo Publicacións Universidade da Coruña, A Coruña. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13594>

Piedra, Joaquin (2015): "Masculinidades en Educación Física. El nuestro es un deporte de machos" en Bobo, Marta: *V Ciclo de conferencias: Xénero, Actividade Física e Deporte (2013-2014, 2014-2015)*. Servizo Publicacións Universidade da Coruña, A Coruña. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/15518>

Vázquez Pardal, Rodrigo (2014): "Participación masculina en deportes tradicionais femininos: o caso da ximnasia rítmica. Un home nun deporte feminino: experiencia persoal" en Mosquera, María José (Coord): *IV Ciclo de conferencias: Xénero, Actividade Física e Deporte (2012-2013)*. Servizo Publicacións Universidade da Coruña, A Coruña. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13591>

Verbo da infrarrepresentación das mulleres na participación do alumnado en titulacións universitarias altamente feminizadas: unha ferramenta para o cambio

Alonso Salgado, Cristina
 Departamento de Dereito Público Especial
 Universidade de Santiago de Compostela
 cristina.alonso@usc.es

Resumo

A práctica docente nas aulas universitarias de titulacións universitarias altamente feminizadas resulta dende unha perspectiva de xénero, ás veces, un chisco desmoralizadora. Lonxe do que inicialmente puidera parecer, nos referidos contextos é o onde máis cruamente se evidencia a real situación da docencia universitaria en materia de xénero.

En efecto, en non poucas ocasións, en aulas con presenza moi maioritaria de alumnas, a participación e os mal denominados exercicios de “liderado” son protagonizados fundamentalmente por alumnos varóns.

No presente traballo preséntase unha opción metodolóxica, ao noso xuízo, de interese para reverter a sinalada situación e que atopa o seu fundamento na observación participante da/o docente nunha dinámica de potenciación da implicación e participación das alumnas, a través dunha metodoloxía que mestura elementos cooperativos e competitivos.

Palabras clave

Feminización; Infrarrepresentación; Aprendizaxe colaborativa

De contexto: situación de partida

Co presente traballo preténdese abordar o máis que significativo desequilibrio que, en non poucas ocasións, se produce nas aulas de titulacións altamente feminizadas, xustamente, en escenarios nos que, dende un ollar profano, puidera semellar que a realidade sería diferente. En particular, ás veces, nas aulas interactivas, nas que indiscutibelmente o protagonismo recae no alumnado, obsérvanse dinámicas de liderado tradicional exercido polos alumnos varóns, que cuantitativamente representan unha porcentaxe menor.

No específico caso que agora nos ocupa, ao constatar que non se trataba dunha perspectiva puntual ou anecdótica senón que respondía a unha dinámica asentada no alumnado, decidiuse apostar por unha fórmula de cooperación competitiva, xustamente, para poñerlle solución ao “desaxuste” percibido.

Unha metodoloxía para o cambio

A través da presente proposta achégase á comunidade universitaria unha experiencia que tivo lugar no curso académico 2012-2013 na materia de Dereito Procesual Penal do Grao de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. Ao noso xuízo, a docencia da sinalada materia favorece a aplicación de non poucas opcións de estratexia cooperativa. Con todo, cómpre salientar que o que se propuxo non foi un fomento da colaboración *stricto sensu*, senón unha mestura de aprendizaxe cooperativa co incentivo da competición regrada, para deste xeito posibilitar a participación efectiva de todas e todos, en particular, das alumnas.

E é que as estratexias metodolóxicas cooperativas permiten combater algúns dos problemas que trufan o actual sistema universitario: o individualismo, a disociación docente-discente, o conformismo, os desequilibrios na participación e/ou implicación do alumnado, etc. Así pois, coa ollada no noso obxecto de estudo, resultan de interese toda vez que ao seu traveso se efectúa unha aposta decidida por unha concepción educativa na que é o alumnado o que impulsa, de oficio, o seu propio desenvolvemento.

Así pois, entrando xa en materia, cabe comezar sinalando que a referida experiencia tivo lugar durante unha clase interactiva da materia Dereito procesual penal. Na mesma, e tendo presente criterios de xénero, a docente formou grupos tratando de diversificar os perfís das/os membros de cada un, para deste xeito, a través da intervención docente, evitar que se reproduciran aquelas pautas de comportamento e

actitudes individuais e colectivas que se desexaban modificar. Deste xeito, ponderando cuantitativamente e cualitativamente –tendencia a participar, carácter proactivo, etc.- a presenza de alumnas e alumnos nos grupos, unha vez constituídos, formulouse un suposto práctico para que os equipos traballasen para a súa resolución nunha dinámica *teams-games-tournament*.

Como é sabido, a referida técnica mestura aspectos cooperativos e competitivos, en tanto que no seu desenvolvemento, as/os estudantes colaboran intra-grupalmente para que os equipos compitan de maneira sa entre eles. Optouse polo *teams games tournament*, toda vez que posibilita ensinar-aprender dun xeito entretido, ao tempo que se favorece o recoñecemento dos esforzos efectuados, a integración dos grupos, a valorización dos diferentes perfís, habilidades e destrezas, a diversidade na participación, etc.

Ante un suposto con temática de xénero –especialmente deseñado para estimular a participación de todas/os-, os grupos optaron por solucionalo mediante a indispensable división de funcións: procura das referencias da literatura especializada, xurisprudencia consolidada, etc. Nótese que o *leitmotiv* da propia materia proporcionou e proporciona algúns dos supostos paradigmáticos habitualmente empregados coma exemplos de referencia da explicación do Dereito dende unha perspectiva de xénero: a dispensa da obriga de declarar do artigo 416 da Lei de Axuízamento Criminal; a controversia entre os tipos agravados e o ámbito obxectivo da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, en relación á concorrencia do ánimo de dominación, etc.

Para incentivar a participación real e efectiva, informouse ao alumnado de que a portavocía seleccionada pola docente sería a encargada de, en representación do seu grupo, explicar as solucións ante a clase. Buscábase así non só posibilitar un acceso de discriminación positiva, senón tamén que todo o mundo contase cun grao de coñecemento profundo do caso, toda vez que cabía a posibilidade de seren seleccionados/as coma portavoces.

Para potenciar a cooperación intra-grupal, optouse por puntuar a todas/os as/os membros de cada equipo con idéntica cualificación. No entanto, cabe salientar que a mesma foi asignada polo conxunto da clase, mediante a suma dos votos outorgados por cada grupo. Así, mentres o grupo con máis puntos recibiu a nota máxima, os demais equipos foron avaliados con base na súa actuación na práctica e *ad maiorem*, valorouse sobre a cualificación do grupo, a participación individual nos debates xurdidos a conta de cada unha das exposicións dos diferentes equipos, xustamente,

para deste xeito non deixar de estimular a implicación das/os alumnas/os especialmente interesadas/os na materia.

Conclusións

En conclusión, a utilización dunha metodoloxía colaborativa na resolución de supostos en mestura co estímulo da competición posibilitou unha máis doada visualización dos esforzos efectuados, potenciou a diversificación de perfís e a súa valorización, así como unha maior participación e unha aprendizaxe máis intuitiva, máis analítica.

Non se pode negar que, tal e como se formulou, a dinámica contou con trazos excesivamente dirixistas. Con todo, ao noso xuízo, a intervención enérxica resultaba imprescindible para poñer fin a unhas dinámicas que acababan por reproducir unha lóxica netamente heteropatriarcal.

A experiencia celebrada no curso 2012-2013 buscaba non só favorecer unha participación real e efectiva por parte do alumnado, senón tamén e moi especialmente, o “desaxuste” en materia de xénero. E a dicir verdade, comportou un cambio máis que apreciable na actitude, participación e asistencia do alumnado do conxunto, posibelmente porque dende un primeiro momento foron adoptándose por consenso bastantes pasos da dinámica.

